- As normas de aplicación directa: En especial, o artigo 104 LOUGA. A execución das sentenzas en materia de reposición da legalidade Urbanística. Incidentes de execución/inexecución. Límites ás legalizacións posteriores. Prazo de caducidade. Lexitimados para instala. Os terceiros adquirentes de boa fe. As disposicións adicionais 6ª e 7ª da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia.
- Mesa redonda.
- Expedientes sancionadores. Especialidades procedementais. Principios, en especial a tipificación legal e proporcionalidade. Prescrición das infraccións, cómputo e aplicación. Disciplina Urbanística e Rexistro da Propiedade. Incidencia do RDL 8/2011. A acción pública. Ámbito e peculiaridades.
- As competencias en Disciplina Urbanística da Comunidade Autónoma: directas, por subrogación legal e por atribución municipal. A APLU .
- Mesa redonda.

Convocatoria:

Resolución do 20 de febreiro de 2013 (DOG núm. 43, do 1 de marzo)

Xornadas sobre crise e reestruturación financeira. PU13005

Obxectivos:

A crise foise despregando en diferentes direccións: financeira, económica e social, e as súas consecuencias, que non uniformes nos diferentes países, marcan unha inflexión na recente historia da globalización. Cada vez resulta máis evidente a necesidade dunha arquitectura financeira máis eficiente, nunha perspectiva regulatoria diferente. Por iso considérase oportuno suscitar un debate de ideas en torno ao núcleo da crise, ao obxecto de mellorar a comprensión non só dos problemas financeiros, senón tamén dos institucionais.

Destinatarios:

Persoal ao servizo da Administración pública galega, en especial aquelas persoas relacionadas con sectores financeiro e económico, empresarios e interesados en xeral.

Desenvolvemento:

Duración: 7 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 14 e 15 de marzo

Prazas: 298

Contido básico:

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- A globalización financeira
- As crises financeiras: prevención e desafíos futuros
- Protección de inversores a través das accións colectivas
- Instrumentos de análises dos riscos sistémicos: a supervisión
- Os principios de Basilea no medio prazo
- Mecanismos creados pola UE
- O contexto adecuado: as políticas monetarias e orzamentarias

Convocatoria:

Resolución do 27 de febreiro de 2013 (DOG núm. 47, do 7 de marzo)

Actos en conmemoración do Día das Letras Galegas. PU13012

Obxectivos:

Co gallo do Día das Letras Galegas, a Escola Galega de Administración Pública organizará unha conferencia, unha proxección cinematográfica e un paseo guiado por Santiago de Compostela para celebrar a obra literaria de Roberto Vidal Bolaño, autor e actor teatral compostelán.

Destinatarios:

Ao paseo guiado por Santiago de Compostela só terá acceso o persoal ao servizo das Administracións públicas de Galicia. No caso da conferencia e da proxección cinematográfica poderá asistir calquera persoa interesada.

Desenvolvemento:

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 15 de maio ao 17 de maio

Contido básico:

15 maio

- Inauguración oficial da IX Mostra colectiva das artes e das letras dos empregados da Administración autonómica
- Relatorio a cargo do profesor de Lingua Galega e Literatura Xosé Manuel Fernández Castro.

17 maio

- Proxección do filme Doentes, de Gustavo Balza (salón de actos da EGAP)
- Paseo por Compostela, guiado polo profesor Fernández Castro. O paseo partirá da praza do Obradoiro e seguirá o mesmo percorrido que fan os dous personaxes principais da obra, Cañete e don Valeriano.

Convocatoria:

Resolución do 24 de abril de 2013 (DOG núm. 86, do 6 de maio)

Xornada sobre Modelos Institucionais Rexionais-Democracia Rexional. PU13015

Obxectivos:

Dar conta dos principais modelos de democracia rexional existentes e o seu funcionamento actual.

Profundar no coñecemento dos deseños institucionais e a proposta de liñas de mellora.

O funcionamento da democracia rexional en España desde a perspectiva dun Parlamento autonómico: posibles melloras institucionais.

Destinatarios:

Empregados públicos das Administracións públicas de Galicia e interesados en xeral.

Desenvolvemento:

Duración: 3 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 8 de xullo

Prazas: 300

Contido básico:

- Presentación e benvida
- Conferencia: Os modelos institucionais de democracia rexional nos estados federais: a versatilidade do Estado federal.
- Mesa Redonda: preguntas e debate.
- Conferencia: O funcionamento da democracia rexional en España desde a perspectiva un Parlamento autonómico: posibles melloras institucionais.
- Preguntas e debate
- Clausura da Xornada

Convocatoria:

Resolución do 21 de xuño de 2013 (DOG núm. 123, do 1 de xullo)

**Xornadas sobre a incidencia da nova lexislación de costas e ordenación do litoral.
PU13019**

Obxectivos:

A finalidade destas xornadas é, principalmente, analizar os aspectos máis relevantes e novidosos da normativa de costas e ordenación do litoral.

Destinatarios:

Persoal ao servizo das Administracións públicas de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Pontevedra: 7 e 8 de novembro

Prazas: 400 en cada edición

Contido básico:

7 de novembro de 2013

- A Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral: Aspectos máis destacados e novidosos da regulación.
- As competencias da Comunidade Autónoma en materia de Costas: servidume de protección e delimitación dos núcleos. O réxime disciplinario.
- Mesa redonda.

8 de novembro de 2013

- O réxime xurídico do dominio público marítimo terrestre. O deslinde. Limitacións ao dereito de propiedade (servidumes)
- O réxime xurídico das autorizacións e concesións. A problemática dos chiringuitos e outros establecementos no dominio público marítimo-terrestre e na zona de servidume. Camping.
- Mesa redonda
- Ordenación urbanística e a lexislación de costas.
- O Plan de Ordenación do Litoral de Galicia
- Mesa redonda

Convocatoria:

Resolución do 17 de outubro de 2013 (DOG núm. 207, do 29 de outubro).

CURSOS MONOGRÁFICOS

A Escola Galega de Administración Pública, como parte da súa inquedanza por innovar e ofrecer unha formación o máis completa aos empregados públicos, creou no 2013 os cursos monográficos.

Grazas a esta nova modalidade permíteselle ao alumnado coñecer de preto as distintas problemáticas que se suscitan na Administración, a fin de fomentar o intercambio de ideas e experiencias que permitan mellorar tanto a xestión pública como a propia organización administrativa e poder propiciar foros de encontro e reflexión sobre aspectos con incidencia directa na Administración.



Coa posta en marcha desta actividade formativa, a Escola Galega de Administración Pública continúa coa misión de converterse nun foro de debate; isto é, un punto de encontro para a reflexión, o intercambio de ideas e, en definitiva, a xeración de coñecemento orientado á mellora das Administracións públicas.

Curso Monográfico sobre retos e perspectivas do emprego público nun contexto de crise. PU13007

Obxectivos:

Analizar a incidencia sobre a función pública das medidas que se están a adoptar en España como resposta á crise na que estamos inmersos, e isto non só desde unha perspectiva estritamente económica ou de recorte do gasto público, senón tamén desde un punto de vista estrutural.



Nesta liña, algúns dos máis prestixiosos especialistas na materia tentarán suscitar o debate para albiscar que función pública sairá desta crise e, polo tanto, para dar resposta a preguntas claves nas circunstancias actuais como se hai demasiados funcionarios, se é lícito o recorte dos seus soldos ou se o seu rendemento é susceptible de control.

Destinatarios:

Persoal ao servizo das Administracións galegas, profesionais, universitarios e calquera outra persoa interesada en coñecer o réxime da función pública e os retos aos que se enfronta nas circunstancias actuais.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 3 de abril ao 5 de abril

Prazas: 298

Contido básico:

Mércores, 3 de abril

- A organización e o réxime do emprego público á luz da Constitución e da xurisprudencia constitucional .
- A estruturación do emprego público e a dualidade de réximes do persoal ao servizo das Administracións públicas, cunha especial referencia ao persoal directivo.

Xoves, 4 de abril

- É necesario outro modelo de emprego público?
- O impacto sobre o emprego público da Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral
- A carreira administrativa: a provisión de postos de traballo e a promoción profesional. A avaliación do desempeño dos empregados públicos
- Da función pública en tempos de crise á crise da función pública
- Mesa redonda

Venres, 5 de abril

- O Estatuto básico do empregado público: análise e valoración dos seus resultados prácticos
- Os axustes e as reformas no emprego público: a situación actual e as perspectivas
- É posible desenvolver o Estatuto básico do empregado público en tempos de crise?

Convocatoria:

Resolución do 15 de marzo de 2013 (DOG núm. 56 do 20 de marzo).

Curso monográfico sobre O futuro do Estado autonómico. PU13014

Obxectivos:

Analizar a situación actual e as perspectivas do modelo territorial previsto na Constitución Española, as reformas posibles para garantir a súa sustentabilidade nun contexto de crise e a coherencia destas coas previsións do devandito texto constitucional. Nesta liña, o presente curso monográfico pretende ademais suscitar o oportuno debate acerca dos retos actuais e futuros do Estado das autonomías nun escenario no que a Unión Europea avanza no fortalecemento da súa gobernanza.

Destinatarios:

Persoal ao servizo das Administracións galegas, profesionais, universitarios e interesados en xeral

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 19 de xuño ao 21 de xuño

Prazas: 298

Contido básico:

- A Administración que se espera para despois da crise.
- Federalismo e nacionalismo: da construción á destrución do Estado.
- Mesa redonda; A reforma local e outras reformas posibles no marco do Estado autonómico.
- Déficit e endebedamento no sistema de financiamento autonómico.
- A unidade xurídica e económica como esixencia e garantía dun Estado autonómico sostible.
- Asimetría o simetría no Estado autonómico.

Convocatoria:

Resolución do 30 de maio de 2013 (DOG núm. 105, do 4 de xuño).

Curso Monográfico sobre Publicidade Institucional. PU13017

Obxectivos:

Formar os empregados públicos sobre a publicidade institucional, concretamente, a publicidade que realizan os diferentes entes (autonómicos e locais) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Destinatarios:

Empregados públicos ao servizo das Administracións públicas galegas, directivos e axentes de publicidade, directivos de medios de comunicación, representantes de axencias e medios, profesores universitarios, profesionais, estudantes de publicidade, universitarios e interesados en xeral.

Desenvolvemento:

Duración: 15 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 14 de outubro ao 22 de outubro

Prazas: 300

Contido básico:

- A comunicación e a publicidade na Administración.
- A publicidade institucional e figuras afíns.
- Os principios reitores da publicidade institucional.
- A publicidade institucional na Xurisprudencia.
- A publicidade institucional e os suxeitos publicitarios.
- As disposicións xerais da Lei de Publicidade Institucional.
- O control da publicidade institucional.
- As leis autonómicas sobre publicidade institucional.
- A contratación administrativa da publicidade institucional.
- O contrato de creación publicitaria.
- O contrato de difusión publicitaria.

Convocatoria:

Resolución do 16 de setembro de 2013 (DOG núm. 184, do 26 de setembro).

CURSOS SUPERIORES E DE ESPECIALIZACIÓN

A existencia dunha Administración pública exposta ao cambio, nun entorno de competitividade e de esixencia de maior formación dos seus profesionais, require, á súa vez, unha maior adaptación e especialización dos plans formativos dirixidos ás persoas que traballan en contacto co sector público. É indubidable que, para lograr unha Administración eficiente, a formación é un alicerce clave, xa que permite responder ás necesidades actuais de profesionais procedentes de áreas tan diversas como o urbanismo, a administración electrónica, o dereito, etc.



Os cursos superiores e de especialización da EGAP aspiran a converterse nun referente dentro do ámbito da formación pública, dando cabida ás últimas novidades normativas de xeito áxil, da man dos mellores profesionais na materia e cunha metodoloxía baseada na combinación de sesións teóricas e prácticas. Estas actividades formativas están deseñadas para que os participantes adquiran unha visión estratéxica de temáticas concretas e actuais e, deste xeito,

poidan reforzar e actualizar os seus coñecementos, prestando un mellor servizo á Administración e á cidadanía.

Para poder levar a cabo esta formación específica nun contexto de crise económica a EGAP apostou por un modelo de xestión colaborativa, o cal favorece a innovación e a mellor xestión dos recursos públicos. Por este motivo, durante o 2012 a maior parte dos cursos superiores e de especialización que realizou a EGAP son o froito da sinatura dun convenio con outras entidades, o que constitúe un instrumento adecuado e eficiente para incrementar en número e en calidade a oferta formativa da Escola, facendo chegar a súa presenza a ámbitos profesionais máis extensos e permitindo o autofinanciamento dos cursos.

O obxectivo é que organismos de recoñecido prestixio no seu sector (colexios profesionais, outras entidades públicas, etc.) acudan á Escola para realizar actividades formativas específicas relacionadas co seu eido de actuación, beneficiando deste xeito aos empregados públicos da administración galega.

Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración autonómica de Galicia. PU13002

Obxectivos:

Dotar as persoas destinatarias directas dos instrumentos e ferramentas de análise e de xestión necesarias para despregar ao máximo as súas potencialidades de liderado, implantar a cultura da calidade pública e a mellora continua e optimizar a satisfacción do cliente-usuario de servizos públicos.

Do mesmo modo ensinaráselle ao persoal directivo público a pensar estratexicamente, a avaliar posibles alternativas, a tomar decisións e a planificar programas de implementación desas decisións, e familiarizaraos cos instrumentos e as ferramentas útiles para o control e a mellora da xestión, a avaliación de programas e as políticas públicas. Tamén os instruirá para sacarles o máximo proveito ás súas habilidades de comunicación, de xestión dos equipos, de negociación e de xestión da crise.

Finalmente, pretende fomentar o intercambio de coñecementos e experiencias entre o colectivo de empregados públicos cunha traxectoria curricular e profesional de liderado, institucionalizar as redes de colaboración entre o persoal directivo público que desempeñe funcións e deteña responsabilidades nas distintas organizacións públicas ou departamentos da Administración autonómica e potenciar a cultura do público e o compromiso ético do colectivo de xestores públicos de alto nivel.

Destinatarios:

O persoal funcionario dos grupos A1 e A2, así como o persoal laboral fixo dos grupos I e II da Administración autonómica galega, sempre que estea en posesión dun título de licenciatura ou diplomatura universitaria, de enxeñaría ou enxeñaría técnica, de arquitectura ou arquitectura técnica, grao ou equivalente.

Desenvolvemento:

Duración: 300 horas

Modalidade: Semipresencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 25 de febreiro ao 1 de xullo

Prazas: 40

Contido básico:

Módulo I. Análise estratéxica e toma de decisións (64 horas): políticas públicas,

xestión da información, técnicas de análise, pensamento estratéxico, toma de decisión e planificación e programación.

Módulo II. Xestión pública (80 horas): implementación de políticas públicas, nova xestión pública e servizos públicos I, xestión da calidade, mercadotecnia de servizos, nova xestión pública e servizos públicos II, recursos humanos, xestión de organización, xestión financeira, control de xestión e avaliación de políticas públicas.

Módulo III. Comunicación e negociación (56 horas): liderado e comunicación, habilidades directivas e xestión de equipos.

Convocatoria:

Resolución do 28 de decembro de 2012 (DOG núm. 4, do 7 de xaneiro de 2013).

Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración local de Galicia. PU13003

Obxectivos:

Dotar as persoas destinatarias directas dos instrumentos e ferramentas de análise e de xestión necesarias para despregar ao máximo as súas potencialidades de liderado, implantar a cultura da calidade pública e a mellora continua e optimizar a satisfacción do cliente-usuario de servizos públicos.

Do mesmo modo ensinaráselle ao persoal directivo público a pensar estratexicamente, a avaliar posibles alternativas, a tomar decisións e a planificar programas de implementación desas decisións, e familiarizaraos cos instrumentos e as ferramentas útiles para o control e a mellora da xestión, a avaliación de programas e as políticas públicas. Tamén os instruirá para sacarles o máximo proveito ás súas habilidades de comunicación, de xestión dos equipos, de negociación e de xestión da crise.

Finalmente, pretende fomentar o intercambio de coñecementos e experiencias entre o colectivo de empregados públicos cunha traxectoria curricular e profesional de liderado, institucionalizar as redes de colaboración entre o persoal directivo público que desempeñe funcións e deteña responsabilidades nas distintas organizacións públicas ou departamentos da Administración autonómica e potenciar a cultura do público e o compromiso ético do colectivo de xestores públicos de alto nivel.

Destinatarios:

O persoal funcionario dos grupos A1 e A2, así como o persoal laboral fixo dos grupos I e II da Administración local galega, sempre que estea en posesión dun título de licenciatura ou diplomatura universitaria, de enxeñaría ou enxeñaría técnica, de arquitectura ou arquitectura técnica, grao ou equivalente.

Desenvolvemento:

Duración: 300 horas

Modalidade: Semipresencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 25 de febreiro ao 1 de xullo

Prazas: 40

Contido básico:

Módulo I. Análise estratéxica e toma de decisións (64 horas): políticas públicas,



xestión da información, técnicas de análise, pensamento estratéxico, toma de decisión e planificación e programación.

Módulo II. Xestión pública (80 horas): implementación de políticas públicas, nova xestión pública e servizos públicos I, xestión da calidade, mercadotecnia de servizos, nova xestión pública e servizos públicos II, recursos humanos, xestión de organización, xestión financeira, control de xestión e avaliación de políticas públicas.

Módulo III. Comunicación e negociación (56 horas): liderado e comunicación, habilidades directivas e xestión de equipos.

Convocatoria:

Resolución do 28 de decembro de 2012 (DOG núm. 4, do 7 de xaneiro de 2013).

IV Curso superior de formación do técnico na Administración local. PU13001

Obxectivos:

Dar unha visión actualizada e completa dos coñecementos necesarios para o desenvolvemento do traballo do técnico no ámbito da Administración local. Búscase afianzar os coñecementos dos técnicos que xa exercen as súas funcións neste sector, así como presentar de forma estruturada, todas as materias que afectan ao día a día da Administración local.



Destinatarios:

Empregados públicos con habilitación de carácter nacional, empregados públicos das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e das universidades do sistema universitario de Galicia que cumpran os seguintes requisitos: pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario, ou aos grupos I e II do persoal laboral.

Profesionais que dispoñan do título de doutoramento, licenciatura, diplomatura, grao, arquitectura, enxeñaría, arquitectura técnica ou enxeñaría técnica. Inclúranse, tamén, neste grupo, a todas as persoas contratadas polas administracións públicas (por exemplo, contrato de servizos) que reúnan os requisitos do parágrafo anterior e que non teñan a condición de empregados públicos.

Enxeñeiros de camiños colexiados en activo, enxeñeiros de camiños colexiados en situación de desemprego e estudantes de enxeñaría de camiños, canais e portos precolexiados.

Desenvolvemento:

Duración: 120 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

A Coruña, do 11 de xaneiro ao 11 de maio

Prazas: 50

Contido básico:

Tema 1. Estrutura organizativa do Estado e papel das entidades locais (municipios e deputacións)

Tema 2. A Lei 7/1985 reguladora das Bases de Réxime Local: competencias e obrigas das entidades locais

Tema 3. Competencias, funcións e responsabilidades do técnico de obras municipal

Tema 4. A Lei 30/2007 de contratos del sector público. O Real Decreto Legislativo 2/2000 sobre contratos das Administracións públicas

Tema 5. Responsabilidades patrimoniais das administracións públicas

Tema 6. Lexislación sobre prevención de riscos laborais: responsabilidades da Administración e dos técnicos municipais

Tema 7. A Lei 30/1992, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común: procedementos, redacción de informes, participación dos cidadáns etc.

Tema 8. Lexislacións sectoriais con incidencia nas entidades locais (ordenación do territorio, estradas, augas, costas, portos, patrimonio, medio ambiente e espazos protexidos etc.)

Tema 9. A Administración electrónica. Novas tecnoloxías ao servizo da Administración municipal: SIXs, cartografía dixital, fotografía aérea, información de satélites etc.

Tema 10. O marco legal da ordenación do territorio e do urbanismo en Galicia.

Tema 11. Instrumentos de ordenación do territorio de ámbito autonómico: Directrices de Ordenación do Territorio, Plan de Ordenación do Litoral

Tema 12. O plan xeral municipal. Análise técnico e análise administrativo

Tema 13. O desenvolvemento urbanístico. Os plans parciais, plans sectoriais e plans especiais

Tema 14. Informes urbanísticos do plan xeral municipal e dos plans especiais

Tema 15. Os proxectos de urbanización

Tema 16. Os sistemas de xestión urbanística

Tema 17. Os convenios urbanísticos

Tema 18. As licenzas no ámbito municipal

- Tema 19. A disciplina urbanística
 Tema 20. A avaliación ambiental dos plans
 Tema 21. A sustentabilidade e a protección do medio ambiente no ámbito das entidades locais
 Tema 22. Coordinación e aspectos prácticos da planificación de infraestruturas e servizos con administracións supramunicipais e entidades privadas
 Tema 23. A mobilidade no ámbito da Administración local
 Tema 24. O proxecto das infraestruturas de transporte: estradas urbanas, rúas, ferrocarrís urbanos e metropolitanos, estacións de ferrocarril e autobuses, aparcamentos, intercambiadores etc.
 Tema 25. O proxecto dos servizos urbanos municipais: abastecemento, saneamento, alumeadado público, control de tráfico, enerxía eléctrica, telecomunicacións, distribución de gas, xestión de residuos sólidos etc.
 Tema 26. Áreas industriais e áreas empresariais
 Tema 27. Os equipamentos e as dotacións públicas
 Tema 28. O proxecto dos espazos libres (prazas, bordes fluviais, litoral, parques etc.)
 Tema 29. Lexislación sobre accesibilidade e a súa incidencia na xestión municipal
 Tema 30. A xestión dos servizos municipais e a relación coas concesionarias. Análise dende o punto de vista técnico e dende o punto de vista xurídico
 Tema 31. A xestión do patrimonio e os bens municipais: adquisición, inventariado, cesión, alleamento etc.
 Tema 32. Os proxectos de expropiación, asignación do valor do solo e mutuos acordos.

Convocatoria:

Resolución do 28 de novembro de 2012 (DOG núm. 233, do 7 de decembro).

III Curso Superior de Administración Electrónica. PU13006

Obxectivos:

Este curso pretende afondar dende unha perspectiva técnico-xurídica a concepción da administración electrónica, incidindo na importancia que ten a súa implantación nas distintas administracións da nosa comunidade. Os contidos do programa enfocarán dende distintas perspectivas a administración electrónica para que os/as destinatarios/as adquieran ou perfeccionen os coñecementos teóricos e prácticos da informática e do dereito completando a súa formación.



Destinatarios:

Os empregados públicos das Administracións públicas de Galicia, tanto autonómica coma local, e das Universidades do Sistema Universitario de Galicia que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico que se encadren nalgunha das seguintes categorías: grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario, grupos I e II do persoal laboral, Grupo C (Subgrupo C1) do persoal funcionario ou grupo III do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e estar en posesión do título de ciclo superior

de formación profesional relacionado coa informática. Persoal eventual que acredite a súa condición co correspondente nomeamento específico.

O persoal contratado polas Administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, así como os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

Desenvolvemento:

Duración: 114 horas

Modalidade: Mixta

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 24 de abril ao 10 de xullo

Prazas: 50

Contido básico:

O curso estrutúrase en tres módulos:

- i. Fundamentos de tecnoloxías e sistemas de información.
- ii. Aspectos legais das TIC e a eAdministración.
- iii. Administración electrónica

Convocatoria:

Resolución do 11 de marzo de 2013 (DOG núm. 55, do 19 de marzo).

III Curso de Rehabilitación e Revitalización urbana en Galicia: da conservación dos cascos históricos ás áreas de rehabilitación integral nos barrios. PU13009

Obxectivos:

- Transmitir a necesidade da renovación e rehabilitación urbana como unha alternativa ao modelo de crecemento urbano sen límites.
- Dar a coñecer unha metodoloxía exitosa para a realización das Memorias-programa para a petición de ARI'S.
- Amosar como conseguir unha xestión eficiente dos programas de rehabilitación para levalas a cabo con éxito, tanto desde unha perspectiva de protección patrimonial como das solucións ás problemáticas nas vivendas que necesitan rehabilitación.
- Coñecer principios básicos dos Sistemas de Información Xeográfica para o seu emprego como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa e na xestión da rehabilitación.
- Transmitir criterios baseados na experiencia para elaborar ordenanzas e bases de axudas públicas para a revitalización e rehabilitación de áreas urbanas.
- Coñecer exemplos exitosos de intervención e de organismos que xestionan esas intervencións: Consorcio de Santiago de Compostela, Oficina da Cidade Histórica e Rehabilitación de Santiago de Compostela (OCHIR), Oficina de Rehabilitación do Concello de Ourense.



Destinatarios:

Os empregados públicos das administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local e das universidades do Sistema Universitario de Galicia que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitectos, enxeñeiros, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos que se encadren nalgunha das seguintes categorías: pertencer ao grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario, pertencer aos grupos I e II do persoal laboral, e o persoal eventual que acredite a súa condición co correspondente nomeamento específico

Os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitectos, enxeñeiros, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 3 de xuño ao 2 de xullo

Prazas: 40

Contido básico:

No curso trataranse, entre outros, os seguintes temas:

- A necesidade de recuperación do espazo construído.
- Medidas para lograr a recuperación demográfica dos cascos históricos e dos sectores urbanos en proceso de degradación social e ambiental.
- As áreas de rehabilitación integral como instrumento para a recuperación social, funcional e física dos espazos construídos.
- A cidade dos barrios. Repensando a cidade desde A Coruña.
- Os Sistemas de Información Xeográfica e as Novas Tecnoloxías para o tratamento da información do territorio.
- Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para a elaboración das Memorias-programa dos ARI e a xestión da rehabilitación (I).
- Tramitación xurídico-administrativa das ARI.
- Criterios de intervención desde o punto de vista da protección patrimonial nos cascos históricos e no resto do espazo urbano.
- Repensar a cidade. Estratexias de micro-intervencións sobre a cidade construída.
- A xestión da ARI da cidade de Santiago de Compostela (I). Criterios para o acceso ás axudas. Ordenanzas que as regulan.
- Os Sistemas de Información Xeográfica como ferramenta para a elaboración das

Memorias-programa das ARI e a xestión da rehabilitación (II).

- Pensar a cidade, desde a creatividade á innovación urbana.
- Criterios de análise para a realización dunha ordenanza e bases de axudas públicas para a revitalización e rehabilitación de áreas urbanas.
- A xestión das ARI da cidade de Santiago de Compostela (II): o ARI de Vista Alegre. Análise do proceso de implantación do programa.
- A ARI do Casco Histórico de Muros.
- As intervencións de renovación e rehabilitación no espazo público en Santiago de Compostela: un exemplo a seguir.
- Intervencións de rehabilitación e renovación en espazos singulares (I): o ARI dos Camiños de Santiago de Compostela.
- A rehabilitación de vivendas, mantemento e intervención en elementos catalogados no Casco Histórico de Santiago de Compostela.
- A Pedra que pisas, iniciativas do Consorcio de Santiago de Compostela e a Fundación Laboral da Construción de Galicia para a formación de traballadores, empresas e técnicos na conservación e mantemento dos pavimentos lousados de Santiago de Compostela.
- As ARIS da cidade da Coruña.
- Repensando a mobilidade nos espazos de rehabilitación e renovación urbana.
- A rehabilitación do Barrio da Tinería en Lugo.
- Intervencións de rehabilitación e renovación en espazos singulares (e II). Os casos de Sabarís en Baiona e Moimenta en Boiro.

Convocatoria:

Resolución do 23 de abril de 2013 (DOG núm. 85, do 3 de maio).

Curso sobre Expropiación Forzosa e Valoracións: procedemento expropiatorio, métodos de valoración e criterios do Xurado de Expropiación de Galicia para a determinación do xustiprezo. PU13010

Obxectivos:

Adquirir un coñecemento especializado, eminentemente práctico, no ámbito da determinación e valoración do xustiprezo expropiatorio, fundamentalmente nos métodos de valoración do solo e na valoración de bens e dereitos expropiados, desde a experiencia e conforme aos criterios seguidos polo Xurado de Expropiación de Galicia.

Trátase de proporcionar aos destinatarios do curso unha visión práctica e realista da complexa materia das actuacións en materia de expropiación da Xunta de Galicia e dos municipios da Comunidade Autónoma, analizando cuestións de actualidade neste campo, tanto de forma individual como en grupo.

En definitiva, quérese dar a cada alumno o perfil idóneo que as administracións, as empresas e os particulares requiren dun funcionario ou profesional especializado en materia de expropiación forzosa.



Destinatarios:

Os empregados públicos das Administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, e das Universidades do Sistema Universitario de Galicia que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico que se encadren nalgunha das seguintes categorías: grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario, grupos I e II do persoal laboral e persoal eventual que acredite a súa condición co correspondente nomeamento específico.

Os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitecto técnico e enxeñeiro técnico.

Desenvolvemento:

Duración: 64 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 11 de xuño ao 17 de decembro

Prazas: 35

Contido básico:

1. O procedemento expropiatorio: 8 horas.
2. O expediente de determinación do xustiprezo: 4 horas.
3. Réxime xurídico dos xurados de expropiación: 4 horas.
4. Criterios de valoración: 42 horas.
5. Tratamento fiscal do xustiprezo: 2 horas.
6. Supostos de reversión e de retaxación: 4 horas.

Convocatoria:

Resolución do 19 de abril de 2013 (DOG núm. 85, do 3 de maio).

Curso de especialización en mediación civil e mercantil para procuradores. PU13011**Obxectivos:**

O recurso aos Sistemas Alternativos de Resolución de Conflitos, como instrumentos complementarios á Administración de Xustiza, veu cobrando cada vez máis importancia nas últimas décadas, debido ás indubidables vantaxes que reporta aos usuarios do servizo, á potenciación polas diferentes administracións públicas e a propia política, e ao propio impulso das reformas lexislativas.

Neste contexto, a Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís (pendente de desenvolvemento regulamentario), veu a dar un impulso definitivo á mediación, como instrumento eficaz para a resolución de controversias cando o conflito xurídico afecta a dereitos subxectivos de carácter dispoñible. A mediación é, polo tanto, unha realidade á que cabe augurar un progresivo protagonismo, tal e como veu acontecendo noutros países do noso ámbito.

Consciente o CGP de que a devandita regulación abre un novo campo profesional e novos retos á procura e que o procurador non pode deixar pasar a oportunidade de ofrecer este servizo aos seus clientes, o obxectivo deste curso é dobre: en primeiro lugar, proporcionar aos membros da nosa profesión da formación nas técnicas de mediación, coñecer os resortes tanto psicolóxicos, coma culturais, e dominar as ferramentas que facilitan ese acordo, para que poidan competir nas mellores condicións cos profesionais das outras especialidades que van concorrer con eles; e en segundo lugar facilitarlles aos procuradores galegos adquirir a formación inicial específica para exercer como mediador que esixe a Lei 5/2012 (e o proxecto de Real Decreto polo que se desenvolve a devandita Lei).

Destinatarios:

Mediadores en conflitos de materia civil ou mercantil.

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela, do 5 de abril ao 11 de maio

Prazas: 69

Contido básico:

I. Introducción á mediación.

- a) O conflito: Noción. Natureza. Elementos. Tipos. Métodos de xestión e de resolución de conflitos: arbitraje, conciliación, negociación, mediación.
- b) A mediación como MASC: Noción. Antecedentes. Características. Diferenzas e vantaxes con outras técnicas de intervención. O incentivo á mediación (administracións públicas, xustiza gratuíta).
- c) O presente e futuro da mediación en asuntos civís e mercantís.
- d) O Procurador mediador civil e mercantil: unha nova ventá á profesión.
- e) Marco normativo da Mediación:
- f) Obxectivos e principios informadores.
- e) Regras ou directrices que han de guiar a actuación das partes.
- f) As fases do procedemento de mediación: Pre-mediación. Mediación. Redacción do acordo.

II. Modificacións procesuais tendentes a facilitar a mediación dentro do proceso civil

- a) Facultade das partes para dispoñer do obxecto do xuízo e someterse a mediación.
- b) Información ás partes na citación para a vista do xuízo verbal da posibilidade de acudir á mediación.
- c) Posibilidade de que o xuíz invite as partes (na audiencia previa do xuízo ordinario e na vista do xuízo verbal) a chegar a un acordo a través da mediación. Protocolo de actuación xudicial, selección de casos, derivación: información ás partes e suspensión do proceso.
- d) Declinatoria de sometemento do asunto a mediación.
- e) Afectación á proba pericial da actuación como mediador nun asunto.
- f) Afectación á condena en costas en caso de aplanamento, da iniciación dun procedemento de mediación.
- g) Homologación xudicial do acordo de mediación e o seu recurribilidad.
- h) Inclusión do acordo de mediación dentro dos títulos que dan dereito ao despacho da execución

III. O mediador e as súas ferramentas.

- a) O Estatuto do mediador.
- b) Técnicas e habilidades do mediador.
- c) Ferramentas da mediación.
- d) Aspectos éticos e código deontolóxico. O Código de conduta europeo para mediadores.
- e) A protección de datos de carácter persoal.

IV. Os servizos e institucións de mediación

Os Colexios de Procuradores como institución de mediación.

V. O Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación.

- a) Finalidade e carácter. A coordinación cos rexistros de mediadores das comunidades autónomas.
- b) Acceso, baixa e actualización de datos.
- c) Organización e estrutura.
- d) Contido do formulario de solicitude de inscrición e documentos a acompañar.
- e) Efectos da inscrición.
- f) Impugnación das resolucións do encargado do Rexistro.

VI. O procedemento de mediación.

- a) Carácter.
- b) Mínimos legais e principios informadores, en particular, a garantía da igualdade de oportunidades para as persoas con minusvalía.
- c) Efectos no proceso (sobre os prazos de prescrición e caducidade das accións, suspensión do proceso xudicial).
- d) Protocolo de actuación do mediador.
- e) A función do Procurador durante o procedemento de mediación intraxudicial.
- f) Estrutura ou dinámica procedementa.
- g) O acordo de mediación: contido, documentación e impugnación.

VII. A mediación electrónica.

- a) Casos nos que resulta de aplicación preferente.
- b) Requisitos para un procedemento de mediación por medios electrónicos.
- c) Transformación dun procedemento presencial en electrónico.
- d) Os procedementos mixtos.
- e) Duración máxima do procedemento e suspensión dos prazos por problemas técnicos.
- f) Contidos da web.
- g) Adecuación dos medios electrónicos ás condicións de accesibilidade previstas na lei 34/2002.
- h) Utilización dos sistemas acreditativos de identidade regulados na Lei 59/2003.
- i) A responsabilidade dos mediadores no aseguramento do correcto funcionamento do procedemento de mediación por medios electrónicos e, en particular, do respecto aos principios garantidos pola Lei 5/2012 (sobre todo no relativo á seguridade e confidencialidade de todo o procedemento).
- m) Características das actuacións e, en particular, das comunicacións (información,

documentación, vídeos a incluír e garantir que xeren xustificantes que permitan o seu arquivo ou impresión). En particular, as fases do procedemento electrónico simplificado.

n) a elaboración de estatísticas anuais.

VIII. O procedemento de execución dos acordos.

- a) Elevación dos acordos a escritura pública.
- b) Homologación do acordo polo tribunal.
- c) Título de execución.
- d) Execución.
- e) Execución en España de acordos de mediación concluídos noutros Estados, segundo teñan ou non adquirido forza executiva nese outro Estado.
- f) Referencia aos requisitos para a execución noutro Estado.

IX. Especial referencia á mediación familiar en Galicia

- a) Singularidade dos conflitos e procesos de familia.
- b) Aspectos positivos da mediación e contraindicacións. Implicacións emocionais e psicolóxicas.
- c) Regulación, ámbito e obxectivos.
- d) Particularidades relativas ao Estatuto do mediador e ao Rexistro de Mediadores Familiares.
- e) Particularidades relativas á designación dos mediadores familiares. A mediación gratuíta.
- f) As fases do procedemento de mediación familiar.
- g) As tarifas da mediación familiar.
- h) As experiencias piloto en mediación familiar.

X. Especial referencia á mediación mercantil

- a) Particularidades da mediación en conflitos concursais.
- b) Particularidades da mediación nas organizacións empresariais, en particular en pequenas empresas e empresas familiares.
- c) Particularidades da mediación entre pluralidade de partes e entre persoas xurídicas emprazadas en territorios xeográficos diferentes.

XI. Experiencias da profesión de Procurador noutros países.

XII. Prácticas e traballo final

Curso de Sistemas de Información Xeográfica 2013. PU13016

Obxectivos:

Que os alumnos adquiran os coñecementos teórico-prácticos e habilidades que lles capaciten para aplicar solucións con información xeoespacial utilizando sistemas de información xeográfica na Administración. Combina o estudo dos fundamentos teóricos dunha ferramenta SIG cunha completa formación práctica no uso dos sistemas de información xeográfica co obxectivo de que os alumnos aprendan a xestionar a información xeoespacial de maneira eficiente, para obter os maiores beneficios posibles tanto na xestión do territorio como na posta a disposición desa información. Ademais este curso ten como obxectivo xeneralizar o uso dos SIG na Administración e que este tipo de tecnoloxías e as súas aplicacións se dean a coñecer á sociedade.

Destinatarios:

Empregados públicos das Administracións públicas de Galicia, tanto autonómica como local, e das Universidades do Sistema Universitario de Galicia que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitecto, enxeñeiro, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos que se encadren nalgunha das seguintes categorías: grupo A (subgrupos A1 e A2) do persoal funcionario, grupos I e II do persoal laboral e persoal eventual que acredite a súa condición co correspondente nomeamento específico.

Persoal contratado polas Administracións públicas cun contrato de servizos ou equivalente, así como os profesionais que estean en posesión do título de doutor, licenciado, diplomado, grao, arquitectos, enxeñeiros, arquitectos técnicos e enxeñeiros técnicos.

Desenvolvemento:

Duración: 248 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 14 de outubro de 2013 ao 18 de xullo de 2014

Prazas: 30

Contido básico:

Módulo I. Módulo central de formación na ferramenta SIG. (120 horas teóricas e prácticas)

Módulo II. Módulos temático/prácticos (128 h): Módulo de urbanismo(16 h), módulo infraestructura de datos espaciais e catastro (16 h), módulo de paisaxe (8 h), módulo ambiental (16 h), módulo de medio rural (16 h), módulo de sistemas de posicionamento (8 h), módulo de riscos (8 h), módulo de transportes e redes (8 h), módulo de sanidade (8 h), módulo de economía e estatística (16 h), módulo de turismo (8 h).

Titorización de proxectos: Disporase de 30 horas adicionais para titorización de proxectos.

Convocatoria:

Resolución do 18 de xullo de 2013 (DOG núm. 142, do 26 de xullo).

Curso sobre accesibilidade universal aplicada I: vías, espazos públicos e mobilidade accesible. PU13018

Obxectivos:

Dar a coñecer tanto a parte teórica, cos conceptos claves que se han de ter en conta e expoñer exemplos de boas prácticas e de actuacións correctas no ámbito da accesibilidade en vías e espazos públicos.

Destinatarios:

- Técnicos que realicen proxectos de urbanización ou participen na súa redacción, queiran que ampliar os seus coñecementos sobre a lexislación de aplicación e coñecer exemplos de boas prácticas.
- Técnicos e secretarios municipais, que queiran estar ao día da lexislación e das actuacións que melloran a calidade dos cidadáns neste ámbito.
- Estudantes universitarios que desexen completar a súa formación en temas de accesibilidade.

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: Semipresencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 27 de setembro ao 18 de decembro

Prazas: 50

Contido básico:

Os temas que se tratarán neste curso serán os seguintes:

- Unidade 1. Definicións e conceptos básicos
- Unidade 2. Tipoloxía de vías e elementos urbanos
- Unidade 3. Elementos comúns de urbanización e itinerarios verticais
- Unidade 4. Mobiliario urbano e outros factores
- Unidade 5. Zonas antigas e históricas
- Unidade 6. Accesibilidade en prazas, parques, xardíns e zonas verdes
- Unidade 7. Exemplos de boas prácticas

Convocatoria:

Resolución do 3 de outubro de 2013 (DOG núm. 195, do 11 de outubro).

Curso técnico sobre construción e explotación de vertedoiros. Orde do 20 de xullo de 2009 sobre construción e xestión dos vertedoiros da CA de Galicia. PU13020

Obxectivos:

O obxecto da Orde do 20 de xullo de 2009, pola que se regula a construción e a xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia é o establecemento dunha normativa técnica axeitada para as actividades de eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiros, desenvolvendo o disposto no Real decreto 1481/2001, do 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

Na orde están recollidos os criterios de deseño, construción e explotación dos vertedoiros en Galicia. O obxecto deste curso técnico será dar a coñecer e afondar nestes criterios con responsables da Administración autonómica, a través da Secretaría Xeral de Calidade Ambiental, técnicos redactores de proxectos de vertedoiros e responsables de empresas explotadoras.

Destinatarios:

Profesionais que desexen coñecer da man de técnicos da Administración a orde que regula a construción e xestión de vertedoiros e ter ao mesmo tempo a visión que achegan os proxectistas e responsables da súa xestión. Proxectistas, directores de obra, xefes de obra, xefes de oficina técnica, coordinadores de seguridade e saúde, etc., que queiran coñecer o seu papel nos diferentes ámbitos de traballo do deseño, construción e explotación de vertedoiros. Responsables de xestión e explotación de vertedoiros. Estudantes de enxeñaría.

Desenvolvemento:

Duración: 16 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 9 e 10 de decembro

Prazas: 110

Contido básico:

BLOQUE I. Deseño e técnicas construtivas nos vertedoiros da CA de Galicia.

- Procedementos legais e administrativos. Lei 16/2002, de 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación e Orde de 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Contido básico do proxecto construtivo dun vertedoiro. Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación e Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Captación de augas superficiais. Cálculos xustificativos das infraestruturas proxectadas (I).
- Topografía e comprobacións de estabilidade. Cálculos xustificativos das infraestruturas proxectadas (II).
- Captación e tratamento de lixiviados e biogás. Cálculos xustificativos das infraestruturas proxectadas (III).

BLOQUE II. Materiais na construción de vertedoiros na CA de Galicia.

- Plan de control de calidade e informe final de garantía de control de calidade na instalación de xeosintéticos. Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e xestión dos vertedoiros no ámbito da CA de Galicia.
- Desenvolvemento do plan de control de calidade en obra. Ramón Díaz Arranz.
- Xeosintéticos. Xeotextiles e produtos relacionados.
- Xeomembranas.
- Barreiras xeosintéticas arxilosas (GBR-C) e o seu deseño en función da permeabilidade aos lixiviados dun vertedoiro.

BLOQUE III. Xestión dos vertedoiros na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Criterios e procedementos de admisión de residuos nun vertedoiro. Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Control documental e libro de rexistro na actividade de eliminación de residuos en vertedoiro. Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados e Decreto 59/2009, do 26 de febreiro, polo que se regula a trazabilidade dos residuos.
- Plan de vixilancia e control ambiental durante a explotación do vertedoiro. Orde do 20 de xullo de 2009 pola que se regula a construción e xestión dos vertedoiros no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Plan e métodos para a explotación dun vertedoiro.
- Sistemas de tratamento e xestión dos lixiviados e biogás xerados no vertedoiro.

BLOQUE IV. Visita a vertedoiro de residuos non perigosos

Convocatoria:

Resolución do 31 de outubro de 2013 (DOG núm. 219, do 15 de novembro).

ACTIVIDADES EN COLABORACIÓN

A sinatura de convenios permítelle á EGAP xerar sinerxías con outros organismos, tanto públicos como privados, mellorando deste xeito a formación que pode ofrecer aos empregados públicos da Administración galega. A través desta fórmula ambas as dúas partes acordan establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgativo e investigador para conseguir un mellor cumprimento dos seus respectivos fins, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.



Mediante convenios permítese a participación de colectivos específicos en determinadas actividades de formación da EGAP ás que non terían acceso; foméntase a realización conxunta de cursos, seminarios e xornadas; o que, á súa vez, permite aos empregados públicos ver incrementada a súa capacidade de acceder a áreas específicas de coñecemento, xestionadas desde o sector privado ou desde outras administracións públicas.

Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA. CV13001

Obxectivos:

Proporcionar a formación que establece o anexo IV do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro) que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Destinatarios:

Empresarios, traballadores autónomos ou por conta allea, traballadores designados e delegados de prevención, e aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais.

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 6

Lugares e datas:

T01: do 26 de febreiro ao 29 de abril

T02: do 26 de febreiro ao 29 de abril

T03: do 26 de febreiro ao 29 de abril

T04: do 30 de abril ao 27 de xuño

T05: do 30 de abril ao 27 de xuño

T06: do 30 de abril ao 27 de xuño

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.
2. Riscos xerais e a súa prevención.
3. Riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención.
4. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos.
5. Primeiros auxilios.
6. Prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 25 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

MF0233_2 Ofimática. CV13002**Obxectivos:**

Acreditar coñecementos teórico-prácticos dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, cuxo contido coincide co descrito no módulo formativo MF0233_2 Ofimática (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación do Catálogo Nacional de Cualificacións.

Destinatarios:

Empregados públicos que superasen o curso MF0233_2 Ofimática, no marco do Acordo de Formación para Emprego das Administracións Públicas de 22 de marzo de 2010 (en adiante AFEDAP).

Desenvolvemento:

Duración: 190 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 2

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 26 de febreiro

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

O temario para a avaliación será o o descrito no módulo formativo MF0233_2 “Ofimática” (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 “Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación” do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. As capacidades e criterios de avaliación do dito módulo formativo pódense consultar no Real Decreto 645/2011, do 9 de maio, polo que se establecen cinco certificados de profesionalidade da familia profesional Administración e xestión que se inclúen no Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade e se actualizan os certificados de profesionalidade establecidos no Real Decreto 1210/2009, do 17 de xullo (BOE núm.136, do 8 de xuño de 2011, páxinas 56456 á 56474) e na páxina web da EGAP.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 22 de febreiro de 2013, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a EGAP e a Federación de Servizos á Cidadanía de CC.OO. de Galicia.

Prevención de riscos laborais: Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (Escolas Infantís). CV13003**Obxectivos:**

Formar os integrantes dos grupos de acción das medidas de emerxencia dos centros de traballo da Xunta de Galicia (Escolas Infantís) segundo sinala a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais no seu artigo 20.

Destinatarios:

Persoal que preste servizos nas escolas infantís da Xunta de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 5 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 20

Lugares e datas:

A Estrela: 11 e 12 de xuño

As Mariñas: 2 e 3 de abril

Bouzas: 10 e 12 de xuño

Caeiro: 4 de setembro

Campolongo: 3 e 5 de xuño

Casa do Mar: 5 e 6 de xuño

CM Celeiro: 6 e 7 de maio

Elviña: 4 e 10 de abril

Marismas Mariña: 6 e 10 de xuño

NS Campo: 26 e 27 de xuño

NS Purificación: 20 e 25 de xuño

O Toxo: 4 e 5 de xuño

Ourense: 12 e 13 de marzo

Oza: 8 e 10 de abril

Paradai: 18 e 20 de xuño

Relfas: 4 de setembro

Rosalía de Castro: 12 e 13 de xuño

Sagrado Corazón: 19 e 20 de xuño

Santa Susana: 15 e 17 de abril

Vite: 16 e 17 de abril

Prazas: 595

Contido básico:

- Incendio: conceptos básicos, axentes extintores, equipos de protección contra incendios.
- Actuación en caso de emerxencia.
- Primeiros auxilios.
- Prácticas con lume real: Os extintores.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e Mugatra Sociedade de Prevención S.L.U.

Prevención de riscos laborais na defensa contra incendios forestais. CV13004

Obxectivos:

Formar o persoal que traballa en tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais acerca dos riscos laborais e as medidas preventivas, así como dotalos duns coñecementos básicos de primeiros auxilios.

Destinatarios:

Condutores de motobomba e persoal das brigadas do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 38

Lugares e datas:

Ferrol: 25 e 26 de xuño

Bergondo: 8 e 9 de maio

Boqueixón: 19 e 20 de xuño

Noia: 10 e 11 de xuño

Vimianzo: 29 e 30 de abril

Viveiro: 7 e 8 de maio

Becerreá: 9 e 10 de maio

Monforte de Lemos: 6 e 7 de xuño

Portomarín: 2 e 3 de maio

Vilalba: 29 ao 30 de abril

O Carballiño: 2 ao 3 de maio

Ourense: 8 ao 9 de maio

O Barco de Valdeorras: 17 e 18 de xuño

Verín: 6 e 7 de xuño

Bande: 29 e 30 de abril

Silleda: 2 e 3 de maio

Mondariz: 10 e 11 de xuño

Porriño: 10 e 11 de xuño

Pontevedra: 29 e 30 de abril

Ferrol: 13 e 14 de maio

Bergondo: 14 e 15 de maio

Boqueixón: 15 e 16 de maio

Noia: 20 e 21 de maio

Vimianzo: 21 e 22 de maio
Mondoñedo: 13 e 14 de maio
A Fonsagrada: 14 e 15 de maio
Monforte de Lemos: 15 e 16 de maio
Portomarín: 20 e 21 de maio
Vilalba: 21 e 22 de maio
O Carballiño: 13 e 14 de maio
Ourense: 14 e 15 de maio
Castrocaldelas: 15 e 16 de maio
A Gudiña: 20 e 21 de maio
Xinzo de Limia: 21 e 22 de maio
Silleda: 13 e 14 de maio
Mondariz: 14 e 15 de maio
Porriño: 15 e 16 de maio
Pontevedra: 20 e 21 de maio

Prazas: 2280

Contido básico:

- A prevención de riscos laborais na Xunta de Galicia
- Dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais
- Riscos asociados ás actividades das cuadrillas de prevención e defensa contra incendios forestais.
- Equipos de protección individual.
- Primeiro auxilios: activación do sistema de emerxencia, valoración da vítima, hemorraxias, shock, queimaduras, fracturas, intoxicacións, accidentes oculares, reanimación cardiopulmonar (R.C.P.), atragoamentos e transporte de feridos.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración do 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e Mugatra Sociedade de Prevención S.L.U.

Medio de linguaxe administrativa galega. CV13005

Obxectivos:

A capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Destinatarios:

Empregados de AGADER

Para solicitar os cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio deberá ter superado ou validado o curso de perfeccionamento de linguaxe administrativa galega ou Celga 4.

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 15 de abril ao 9 de xuño

Prazas: 30

Contido básico:

Contido sinalado no Anexo II Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG nº 121, do 24 de xuño).

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 3 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Prevención de riscos laborais de orixe eléctrica. CV13006

Obxectivos:

Proporcionar formación sobre a prevención do risco eléctrico.

Destinatarios:

Persoal técnico do ISSGA e técnicos dos servizos de prevención de riscos laborais da Xunta de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 33 horas

Modalidade: Mixta

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 22 de abril ao 22 de maio

T02: do 22 de abril ao 23 de maio

Prazas: 20 en cada edición

Contido básico:

- 1) Introducción (10 horas). A distancia
 - Esquema xeral de instalación eléctrica (da xeración ao consumo)
 - Conceptos: alta tensión, media tensión e baixa tensión
 - Normativa básica a ter en conta e onde atopar actualizacións
- 2) Alta tensión (8 horas). Presencial
 - Distribución de enerxía eléctrica: que é unha empresa distribuidora e que tipos de instalación posúe
 - Equipos da rede de distribución eléctrica
 - Traballo habitual na distribución eléctrica: riscos e procedementos
 - Parte práctica: visita a subestación e centro de distribución
- 3) Baixa tensión (15 horas). Presencial
 - Postas a terra
 - Diferenciais
 - Traballo con risco eléctrico (RD 614/2001)

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 25 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Prevención de riscos laborais en actividades de tempo libre - Nivel básico. CV13007

Obxectivos:

Proporcionar a formación que establece o anexo IV do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro) que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

O programa inclúe un módulo formativo dedicado á organización e xestión de actividades de tempo libre.

Destinatarios:

Empregados, traballadores por conta allea ou autónomos, traballadores designados e delegados de prevención, empresarios e aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais, en particular, na organización e xestión de actividades de tempo libre.

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 7 de maio ao 27 de xuño

Prazas: 30

Contido básico:

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.
2. Riscos xerais e a súa prevención.
3. Riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención.
 - 3.1 Actividades de tempo libre
4. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos.
5. Primeiros auxilios.
6. Prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado, o 25 de xaneiro de 2013, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Impacto da violencia de xénero en nenos, nenas e adolescentes. CV13008

Obxectivos:

Comprender e Explorar o impacto da violencia de xénero nos nenos e nenas vítimas de violencia de xénero sobre as súas nais.

Destinatarios:

Persoal dos centros de información ás mulleres e da área de servizos sociais dependentes da administración local (concellos), e persoas do ámbito dos SS de Portugal e Azores.

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 2 de maio ao 5 de xullo

Prazas: 100

Contido básico:

Unidade 1 O problema

Unidade 2 A necesidade

Unidade 3 Creación do contexto de intervención

Unidade 4 A seguridade

Unidade 5 Avaliación do sistema familiar

Unidade 6 Programa terapéutico

Unidade 7 Traballo familiar conxunto

Unidade 8 Intervención individual

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Secretaría Xeral da igualdade e a Escola Galega de Administración Pública.

Xénero e discapacidade. CV13009

Obxectivos:

Xénero e discapacidade: aproximación e principios básicos de intervención

Destinatarios:

Persoal dos centros de información ás mulleres e da área de servizos sociais dependentes da administración local (concellos).

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 2 de maio ao 5 de xullo

Prazas: 100

Contido básico:

Módulo I - Discapacidade, valía e igualdade

Módulo II - Causas, tipos e clasificación da discapacidade. Deficiencias e minusvalías

Módulo III Principios de igualdade na planificación xeral da atención e promoción das persoas con discapacidade

Módulo IV Intervención nas persoas con discapacidade

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Secretaría Xeral da igualdade e a Escola Galega de Administración Pública.

Vías de igualdade para o emprendemento : A empresa cooperativa. CV13010

Obxectivos:

Formar con perspectiva de xénero en materia de promoción de emprego baixo a fórmula cooperativa. Adquirir as competencias necesarias para apoiar a creación de cooperativas baixo parámetros de igualdade

Destinatarios:

Persoal dos centros de información ás mulleres e persoal da área de emprego e desenvolvemento local (concellos).

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 16 de setembro ao 19 de novembro

Prazas: 100

Contido básico:

Módulo 0 - Punto de partida

Módulo I - Que é unha cooperativa?

Módulo II Marco normativo

Módulo III Réxime económico e fiscal das cooperativas

Módulo IV Acompañamento do grupo promotor

Módulo V Pasos para poñer en marcha unha cooperativa

Módulo VI Dimensión de xénero na empresa cooperativa

Módulo VII Claves na organización das cooperativas de traballo asociado

Módulo VIII Ao noso redor as cooperativas funcionan

Módulo IX Saltar, pero con rede

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Secretaría Xeral da igualdade e a Escola Galega de Administración Pública.

Discapacidade e Violencia de Xénero. CV13011

Obxectivos:

Análise e aproximación á violencia de xénero nas mulleres expostas a padecer este tipo de violencia en maior grao: as mulleres con calquera tipo de discapacidade.

Destinatarios:

Persoal dos centros de información ás mulleres e da área de servizos sociais dependentes da administración local (concellos).

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 10 de outubro ao 20 de decembro

Prazas: 100

Contido básico:

Módulo I - Violencia de xénero

Módulo II - Discapacidade e valía

Módulo III Especificidades do maltrato sobre as mulleres con discapacidade

Módulo IV Políticas xerais para combater a violencia contra a muller

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Secretaría Xeral da igualdade e a Escola Galega de Administración Pública.

A trata de persoas con fins de explotación sexual. CV13012

Obxectivos:

A trata de seres humanos con fins de explotación sexual: Aproximación a unha das violacións dos dereitos humanos máis invisible : marco actual e a súa abordaxe como fenómeno transnacional.

Destinatarios:

Persoal dos centros de información ás mulleres e da área de servizos sociais dependentes da administración local (concellos).

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 21 de outubro ao 23 de decembro

Prazas: 100

Contido básico:

Módulo I: Construción do concepto de trata e características da trata de seres humanos; Relación coa violencia de xénero e a explotación sexual

Módulo II - Deconstrución do concepto de trata: mitos, estereotipos e prexuízos.

Módulo III A persoa, vítima e supervivente

Módulo IV Aplicación de medidas de protección e atención integral a vítimas de trata con fins de explotación sexual

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado, o 15 de xaneiro de 2013, entre a Secretaría Xeral da igualdade e a Escola Galega de Administración Pública.

As metodoloxías TI (nivel dirección). CV13013

Obxectivos:

Contribuír ao desenvolvemento profesional coñecendo o que se está a facer noutros entes e cómo mellorar o desempeño laboral.

Destinatarios:

Xefes de división, área, departamento e grupo do CIXTEC.

Desenvolvemento:

Duración: 27 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 14 de maio ao 11 de xuño

Prazas: 20

Contido básico:

1.- Marco Metodolóxico

2.- Xestión da calidade (ISO 9000)

3.- Métrica 3

4.- Xestión de proxectos (PMBOK)

5.- Modelos de desenvolvemento e servizos TI (ITIL, ISO 20000 e CMMI)

6.- Goberno de TI (ISO 38500, Cobit)

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable - CIXTEC.

As metodoloxías (nivel medio). CV13014

Obxectivos:

Contribuír ao desenvolvemento profesional facilitando o intercambio de experiencias entre os asistentes, proporcionando así un maior grado de contacto entre todos eles.

Destinatarios:

Xefes de Unidade, Analistas e Programadores do CIXTEC.

Desenvolvemento:

Duración: 18 horas

Modalidade: presencial

Edicións: 2

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 13 ao 29 de maio

Santiago de Compostela: do 28 de maio ao 17 de xuño

Prazas: 15 en cada edición

Contido básico:

- 1- Marco metodolóxico.
- 2- Xestión da calidade (ISO 9000).
- 3- Métrica3.
- 4- Xestión de proxectos (PMBOK).
- 5- Modelos de desenvolvemento e servizos TI (ITIL, ISO 0000 e CMMI).
- 6- Goberno de TI (ISO 38500, Cobit).

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable - CIXTEC.

Básico sobre prevención e defensa contra incendios forestais. CV13015

Obxectivos:

Comportamento do lume nos ecosistemas forestais. Planificación e defensa contra incendios forestais. Prevención e a extinción Métodos e medios de extinción. Boas prácticas na recuperación de terreos afectados por incendios forestais.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 16 de xaneiro ao 28 de febreiro

Prazas: 50

Contido básico:

- Módulo 1: definicións e conceptos asociados aos incendios forestais.
- Módulo 2: o comportamento do lume nos ecosistemas forestais.
- Módulo 3: planificación e defensa contra incendios forestais.
- Módulo 4: a prevención
- Módulo 5: a extinción I
- Módulo 6: métodos e medios de extinción
- Módulo 7: a extinción II
- Módulo 8: boas prácticas na recuperación de terreos afectados por incendios forestais

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Vigo.

Sistemas integrados de xestión da política ambiental. CV13016

Obxectivos:

Facilitar os elementos necesarios para que un profesional poida superar o reto que presenta a implantación e xestión dun sistema integrado que incorpore as funcións de calidade, medio e prevención de riscos laborais.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 16 de xaneiro ao 28 de febreiro

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1. Sistemas integrados de xestión

Módulo 2. Xestión da calidade

Módulo 3. Sistemas de xestión da calidade

Módulo 4. Xestión ambiental

Módulo 5. Sistemas de xestión ambiental

Módulo 6. Xestión da prevención de riscos laborais

Módulo 7. Sistemas de xestión de prevención de riscos laborais

Módulo 8. Procedemento de integración

Módulo 9. Planificación dun sistema integrado

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Vigo.

Sistemas integrados: prevención de riscos laborais e medio ambiente III: Ergonomía. CV13017

Obxectivos:

O obxectivo do curso é integrar a actividade preventiva no conxunto das actividades e decisións da empresa e establecer unha acción de riscos integrada, mediante a implantación dun Sistema de Xestión da Prevención. Especialidade: ergonomía

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 16 de xaneiro ao 28 de febreiro

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1: fundamentos da prevención de riscos laborais

Módulo 2: calidade do ambiente interior e iluminación

Módulo 3: deseño do posto de traballo e pantallas de visualización

Módulo 4: carga física e mental

Módulo 5: factores psicosociais

Módulo 6: outras actuacións en materia de prevención de riscos laborais

Módulo 7: xestión da prevención de riscos laborais

Módulo 8: sistemas integrados de xestión: prevención de riscos laborais, medio e calidade

Módulo 9: ámbito xurídico da prevención

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Vigo.

Xestión da calidade no manexo de recursos cinexéticos e piscícolas continentais. CV13018

Obxectivos:

Proporcionar as ferramentas para elaborar modelos de xestión técnica que potencien os recursos cinexéticos e piscícolas ao mesmo tempo que favorezan a conservación da biodiversidade.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 16 de xaneiro ao 28 de febreiro

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1. Os recursos cinexéticos e a caza.
Módulo 2. Bioloxía das especies cinexéticas ibéricas.
Módulo 3. Ecoloxía das poboacións cinexéticas.
Módulo 4. Métodos de aproveitamento cinexético.
Módulo 5. Marco legal e normativo da caza.
Módulo 6. Técnicas de mellora dos recursos cinexéticos.
Módulo 7. Sustentabilidade do aproveitamento cinexético.
Módulo 8. O ecosistema fluvial: hábitat, recursos e biocenose
Módulo 9. Bioloxía e poboacións de especies piscícolas
Módulo 10. As especies piscícolas dos ríos galegos
Módulo 11. Técnicas de mellora do hábitat fluvial
Módulo 12. Sustentabilidade do aproveitamento piscícola

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Vigo.

Sistema operativo, busca de información: internet/intranet e correo electrónico no contorno Windows. CV13021

Obxectivos:

Realizar unha aproximación ao funcionamento dos sistemas operativos, redes intranet e internet e xestores de correo electrónico no entorno Windows.

Destinatarios:

Persoal voluntario de agrupacións de voluntarios de protección civil, ás/aos profesionais dos servizos municipais e supramunicipais de protección civil e ás/aos profesionais dos servizos de extinción de incendios e salvamento (bombeiros municipais e comarcais). Este persoal forma parte do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia (artigos 43 e 44 da Lei 5/2007, do 7 de maio de emerxencias de Galicia).

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 8 de xullo ao 7 de agosto

T02: do 8 de xullo ao 7 de agosto

Prazas: 40 en cada edición

Contido básico:

Introdución ao ordenador (hardware e software)
Utilización básica do sistema operativo
Personalizar o ámbito
Introdución a Internet
Navegación pola World Wide Web
Utilización e configuración do correo electrónico
Transferencia de ficheiros FTP

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Academia Galega de Seguridade Pública.

Aplicacións enerxéticas da biomasa forestal. CV13023

Obxectivos:

Que os participantes adquiren coñecementos e habilidades relacionadas coas aplicacións enerxéticas da biomasa forestal. Unha vez finalizada a formación, o alumno terá coñecementos sobre: As enerxías renovables e o medio. A biomasa como fonte renovable de enerxía. Os procesos e tecnoloxías para a transformación da biomasa.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T04: do 1 de xullo ao 31 de agosto

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1: introdución ás enerxías renovables e o medio.

Módulo 2: a biomasa como fonte renovable de enerxía.

Módulo 3: procesos e tecnoloxías para a transformación da biomasa (I). Sistemas de aproveitamento.

Módulo 4: procesos e tecnoloxías para a transformación da biomasa (II).

Módulo 5: produción e utilización da biomasa forestal.

Módulo 6: situación actual.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Vigo.

Desenvolvemento sostible no entorno dos espazos naturais protexidos. CV13029

Obxectivos:

Mostrar o novo modelo que afecta a todo o territorio, e se ocupa do home e das súas actividades no ámbito de influencia do espazo natural, de modo que se deben integrar e conformar un sistema que facilite e potencie a súa conservación.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 6

Lugares e datas:

T04: do 1 de xullo ao 31 de agosto

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1: os espazos naturais protexidos

Módulo 2: análise da lexislación específica dos espazos naturais protexidos

Módulo 3: normas sectoriais aplicables en parques naturais

Módulo 4: planificación e xestión dos parques naturais

Módulo 5: xestión sostible dos espazos naturais protexidos

Módulo 6: uso público dos espazos naturais protexidos

Módulo 7: paisaxes rurais e desenvolvemento do medio rural

Módulo 8: a sociedade e os espazos naturais

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Vigo.

Integración ambiental dos sectores da pesca, marisqueo e acuicultura. CV13036

Obxectivos:

Deixar patente a importancia que os Sectores da Pesca Marisqueo e Acuicultura teñen no desenvolvemento da poboación mundial, gran parte da cal basea a súa economía e subsistencia neles. Expoñeranse cales son as especies máis importantes obxecto de explotación, as súas particularidades e distribución, así como as características do medio no que se desenvolven.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T03: do 1 de maio ao 30 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1: coñecemento do medio mariño.

Módulo 2: política e ordenación pesqueira.

Módulo 3: as especies explotables e as pesqueiras.

Módulo 4: contaminación mariña.

Módulo 5: problemática ambiental da pesca.

Módulo 6: problemática ambiental do marisqueo e da acuicultura mariña.

Módulo 7: minimización económica do impacto ambiental.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Vigo.

Loita contra o cambio climático e protocolo de Kioto. CV13040

Obxectivos:

Xuntar diferentes materias relacionadas con este tema: o cambio climático, a economía e o dereito ambiental, para que o alumno teña un coñecemento xeral de problema do cambio climático, así como das estratexias que a Unión Europea e España desenvolveron na súa lexislación e na súa economía ambiental, e os efectos que pode ter sobre as PEMEs.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: 1

Edicións: 1

Lugares e datas:

T03: do 1 de maio ao 30 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1: o sistema climático

Módulo 2: a dinámica do clima

Módulo 3: o cambio climático actual

Módulo 4: o quentamento global

Módulo 5: a dimensión científica do cambio climático

Módulo 6: a dimensión xurídica e política do cambio climático

Módulo 7: métodos de cumprimento dos compromisos

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Vigo.

Políticas, programas e iniciativas ambientais da Unión Europea. CV13041

Obxectivos:

A política de medio pasou a converterse nun dos primeiros obxectivos da Unión a integrarse en todas as políticas sectoriais da Comunidade. O concepto de desenvolvemento sostible preside as políticas comunitarias e particularmente as actuacións ambientais da Unión Europea. O obxectivo do curso é dar a coñecer as iniciativas e programas ambientais da UE.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T03: do 1 de maio ao 30 de xuño

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1. O medio na Unión Europea

Módulo 2. Política e dereito ambiental

Módulo 3. Política ambiental comunitaria: programas de acción

Módulo 4. Política ambiental comunitaria: principios e instrumentos ambientais

Módulo 5. Políticas da UE en materia de desenvolvemento sostible e cambio climático

Módulo 6. Políticas da u.e. en materia de xestión de residuos e protección do chan

Módulo 7. Políticas da UE en materia de contaminación atmosférica

Módulo 8. Políticas da UE en materia de protección e xestión das augas

Módulo 9. Políticas da UE en materia de protección da natureza e biodiversidade

Módulo 10. Políticas da UE en materia de produtos químicos

Módulo 11: prevención e control integrados da contaminación. Impacto ambiental

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Vigo.

Principios básicos da xestión ambiental. CV13042

Obxectivos:

Proporcionar ao alumno unhas nocións básicas e claras sobre os conceptos e procesos ambientais elementais, necesarias á hora de abordar con soltura calquera temática relacionada co medio.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T02: do 1 de marzo ao 30 de abril

T03: do 1 de maio ao 30 de xuño

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

Módulo 1: o medio

Módulo 2: fundamentos de dereito

Módulo 3: o ciclo da auga e os recursos hídricos

Módulo 4: a atmosfera, o aire e os ciclos de carbono

Módulo 5: o chan e a ordenación do territorio

Módulo 6: ecosistemas, biodiversidade e espazos protexidos

Módulo 7: contaminacións, residuos e verteduras

Módulo 8: o impacto ambiental

Módulo 9: o desenvolvemento sostible

Módulo 10: sistemas de xestión ambiental e auditorías

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Vigo.

Sistemas de información xeográfica aplicados á xestión de recursos naturais. CV13045

Obxectivos:

Transmitir os conceptos básicos nos que se fundamentan os SIX, incidindo nas súas principais aplicacións ambientais e de ordenación do territorio.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T02: do 1 de marzo ao 30 de abril

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1: a información xeográfica

Módulo 2: bases conceptuais dos sistemas de información xeográfica

Módulo 3: modelos e estruturas de datos espaciais

Módulo 4: funcionalidade dos sistemas de información xeográfica

Módulo 5: o modelo vectorial

Módulo 6: o modelo raster

Módulo 7: aplicacións ambientais dos SIX

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Vigo.

Sistemas de xestión e auditorías medioambientais. CV13046

Obxectivos:

Dar a coñecer as ferramentas para a implantación de sistemas de xestión ambiental eficaces, que contribúan a mellorar a competitividade no marco da globalización económica actual.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as ao servizo das administracións públicas

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T04: do 1 de xullo ao 31 de agosto

Prazas: 50

Contido básico:

Módulo 1: o sistema empresa e o seu ámbito

Módulo 2: xestión ambiental

Módulo 3: sistemas de xestión ambiental I

Módulo 4: sistemas de xestión ambiental II

Módulo 5: sistemas de xestión ambiental III

Módulo 6: auditorías ambientais

Módulo 7: sistemas integrados de xestión

Módulo 8: síntese conceptual

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Universidade de Vigo.

Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Excel 2010). CV13050

Obxectivos:

Cofecer a aplicación informática de folla de cálculo Microsoft Excel 2010 e o seu manexo.

Destinatarios:

A 1ª e 2ª edicións van dirixidas ao persoal voluntario de agrupacións de voluntarios de protección civil, ás/aos profesionais dos servizos municipais e supramunicipais de protección civil e ás/aos profesionais dos servizos de extinción de incendios e salvamento (bombeiros municipais e comarcais). A 3ª edición vai dirixida ás/aos integrantes dos corpos de policía local dos concellos de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 3

Lugares e datas:

T01: do 9 de setembro ao 22 de outubro

T02: do 9 de setembro ao 22 de outubro

T03: do 9 de setembro ao 22 de outubro

Prazas: 40 en cada edición

Contido básico:

Libros e follas en Excel
Creación de series e arrastrado de fórmulas
Estilos e formatado de celas
Fórmulas e referencias
Traballar con bases de datos en Excel
Formatos avanzados de gráficas
Manipulación de macros
Impresión, exportación, ortografía, idioma

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Academia Galega de Seguridade Pública.

Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Word 2010). CV13051

Obxectivos:

Cofecer a aplicación informática de tratamento de textos Microsoft Word 2010 e o seu manexo.

Destinatarios:

A 1ª e 2ª edicións van dirixidas ao persoal voluntario de agrupacións de voluntarios de protección civil, ás/aos profesionais dos servizos municipais e supramunicipais de protección civil e ás/aos profesionais dos servizos de extinción de incendios e salvamento (bombeiros municipais e comarcais). A 3ª edición vai dirixida ás/aos integrantes dos corpos de policía local dos concellos de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 3

Lugares e datas:

T01: do 8 de agosto ao 6 de setembro

T02: do 8 de agosto ao 6 de setembro

T03: do 8 de agosto ao 6 de setembro

Prazas: 40 en cada edición

Contido básico:

Formatos avanzados
Tabulacións
Estilos
Cabeceiras, pés de páxina e notas no pé
Táboas
Combinar correspondencia
Configuración avanzada
Manexo de macros e accións importantes de Word

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Academia Galega de Seguridade Pública.

Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft Powerpoint 2010). CV13052

Obxectivos:

Coñecer a aplicación informática para presentacións: gráficas de información Microsoft Powerpoint 2010 e o seu manexo

Destinatarios:

Persoal voluntario de agrupacións de voluntarios de protección civil, ás/aos profesionais dos servizos municipais e supramunicipais de protección civil e ás/aos profesionais dos servizos de extinción de incendios e salvamento (bombeiros municipais e comarcais).

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 29 de outubro ao 29 de novembro

Prazas: 40

Contido básico:

Coñecendo o Powerpoint
Presentación de información
Decorando as presentacións
Efectos especiais e publicación
Actividades globais

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Academia Galega de Seguridade Pública.

Prevención de riscos laborais. Nivel básico. ISSGA. CV13053

Obxectivos:

Proporcionar a formación que establece o anexo IV do Regulamento dos servizos de prevención (Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro) que capacita para o desenvolvemento das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais.

Destinatarios:

Empresarios, traballadores autónomos ou por conta allea, traballadores designados e delegados de prevención, e aquelas persoas con inquietudes no ámbito da prevención de riscos laborais.

Desenvolvemento:

Duración: 60 horas

Modalidade: 1

Edicións: 3

Lugares e datas:

T01: do 1 de outubro ao 29 de novembro

T02: do 1 de outubro ao 29 de novembro

T03: do 1 de outubro ao 29 de novembro

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

1. Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo.
2. Riscos xerais e a súa prevención.
3. Riscos específicos do sector da actividade da empresa e a súa prevención.
4. Elementos básicos da xestión da prevención de riscos.
5. Primeiros auxilios.
6. Prevención de riscos laborais dende a perspectiva de xénero.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 25 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

Curso de capacitación para o desempeño da función de inspección de servizos sociais. CV13054

Obxectivos:

Capacitar o persoal que opte a postos de inspección de servizos sociais ou que lle preste apoio á inspección dos servizos sociais nos coñecementos específicos dos diferentes ámbitos de actuación e nas habilidades necesarias para o correcto desenvolvemento destas funcións.

Destinatarios:

Persoal funcionario dos grupos A1, A2 e C1 e persoal laboral grupos I e II, preferentemente con titulación universitaria (licenciatura ou grao correspondente) en dereito, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía, educación social, relacións laborais, traballo social, ciencias políticas ou socioloxía.

Desenvolvemento:

Duración: 120 horas

Modalidade: Mixta

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 21 de outubro ao 13 de decembro

Prazas: 40

Contido básico:

- a) Os servizos sociais. Antecedentes e evolución. Regulación. A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia. Sistema de garantías do Sistema Galego de Servizos Sociais.
- b) Rexistro e autorizacións. Normativa técnica relacionada.
- c) A inspección. Funcións e procedementos de actuación. Ámbitos de actuación.
- d) As actas de inspección. Protección de dereitos. Procedemento sancionador.
- e) Servizos comunitarios.
- f) Inclusión e igualdade.
- g) Menores.
- h) Infancia e familia.
- i) Maiores e discapacidade.
- j) O sistema de atención á dependencia e promoción da autonomía.
- k) Calidade. A acreditación. Xestión de centros e programas de servizos sociais.
- l) Outras habilidades do persoal inspector.

Convocatoria:

O curso foi convocado pola Resolución da Escola Galega de Administración Pública do 18 de xuño de 2013 (DOG nº122 do 28-06-2013), de acordo co convenio de colaboración asinado o 30 de xaneiro de 2013 entre a EGAP e a Consellería de Traballo e Benestar para o desenvolvemento de actividades de formación, divulgación e investigación.

Dirección e xestión de proxectos informáticos. CV13055

Obxectivos:

O aprendizaxe dos conceptos teóricos dun proxecto informático, en concreto, as fases dun proxecto, a súa descomposición, a organización dos recursos, cómo avaliar os custos, etc.

Destinatarios:

Persoal das áreas e departamentos do CIXTEC que xestionan os desenvolvementos de software.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 2

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 2 de setembro ao 1 de outubro

Santiago de Compostela: do 2 de setembro ao 1 de outubro

Prazas: 20 en cada edición

Contido básico:

1.- Introducción á xestión de proxectos. 2.- Marcos de xestión de proxectos. 3.- Ciclo de vida do proxecto e organización. 4.- Proxectos de desenvolvemento de software. 5.- Xestión da integración do proxecto. 6.- Xestión do alcance do proxecto. 7.- Xestión do tempo do proxecto. 8.- Xestión dos custos do proxecto. 9.- Xestión da calidade do proxecto. 10.- Xestión dos RRHH do proxecto. 11.- Xestión das comunicacións do proxecto. 12.- Xestión dos riscos do proxecto. 13.- Xestión das adquisicións do proxecto. 14.- Dirección da carteira de proxectos. 15.- Ferramentas informáticas para a xestión de proxectos. 16.- Conclusións da xestión de proxectos.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado, o 15 de xaneiro de 2013, entre a Escola Galega de Administración Pública e o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-financeira e Contable - CIXTEC.

Medio de linguaxe administrativa galega. CV13056

Obxectivos:

A capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Destinatarios:

Empregados de AGADER, INTECMAR e CES

Para solicitar os cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio deberá ter superado ou validado o curso de perfeccionamento de linguaxe administrativa galega ou Celga 4.

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 9 de setembro ao 3 de novembro

Prazas: 30

Contido básico:

Contido sinalado no Anexo II Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG nº 121, do 24 de xuño).

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude dos convenios de colaboración asinados entre a Escola Galega de Administración Pública e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural o 3 de xaneiro de 2013, e co Instituto tecnolóxico para o control do Medio Mariño de Galicia e co Consello Económico e Social de Galicia o 15 de xaneiro de 2013.

II Curso de actualidade xurídica de réxime local: a contratación pública local. CV13057

Obxectivos:

Actualización de coñecementos en materia de contratación administrativa local, centrándose nos aspectos máis problemáticos que presenta este sector na realidade local actual.

Destinatarios:

Funcionarios de administración local con habilitación de carácter estatal, funcionarios pertencentes ao corpos ou escalas dos grupos A1 e A2 e persoal laboral equivalente de administracións locais.

Desenvolvemento:

Duración: 28 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Pontevedra: do 16 ao 19 de setembro

Prazas: 120

Contido básico:

- 1.- As futuras Directivas de Contratación Pública. Principais características da nova regulación.
- 2.- As cláusulas sociais e ambientais na contratación pública.
- 3.- Os criterios de adxudicación, os criterios de selección, as melloras e a motivación das resolucións de adxudicación na xurisprudencia e na doutrina administrativa.
- 4.- Os contratos patrimoniais e outros negocios xurídicos sobre bens inmobles das entidades locais.
- 5.- A última xurisprudencia sobre a contratación pública.
- 6.- Recurso especial en materia de contratación.
- 7.- Os contratos relativos a servizos enerxéticos.
- 8.- A contratación electrónica.
- 9.- As relacións entre poderes adxudicadores e a contratación pública.
- 10.- O pago do prezo pola Administración.
- 11.- Modificados dos contratos: especial referencia ás vías de impugnación.
- 12.- A racionalización dos contratos: especial referencia á central de compras e aos contratos marco
- 13.- Os novos retos da contratación pública.

Convocatoria:

Acción formativa organizada en virtude do convenio de colaboración do 30 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e o Colexio Territorial de Secretarios, Interventores e Tesoureiros da Administración Local de Pontevedra para o desenvolvemento de actividade de formación, divulgación e investigación.

Probas de acreditación das competencias dixitais en ofimática. CV13058

Obxectivos:

Convócanse 200 prazas de acceso libre para a acreditación das capacidades, destrezas e coñecementos en ofimática definidos no Plan formativo ofimático de Galicia.

Destinatarios:

Poderá participar nas probas convocadas por esta resolución o persoal ao servizo das administracións públicas na Comunidade Autónoma de Galicia que se encontre en situación de servizo activo, incapacidade temporal por maternidade ou excedencia polo coidado dun fillo ou dun familiar e que reúna os requisitos establecidos na presente convocatoria.

Desenvolvemento:

Duración: 190 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 2

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 10 e 11 de setembro

Santiago de Compostela: 10 e 11 de setembro

Prazas: 100 en cada edición

Contido básico:

O temario para a avaliación será o descrito no módulo formativo MF0233_2. Ofimática (190 horas) do Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2: manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación, do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. As capacidades e criterios de avaliación do dito módulo formativo pódense consultar no Real decreto 558/2011, do 20 de abril, polo que se complementa o Catálogo nacional de cualificacións profesionais, mediante o establecemento de dúas cualificacións profesionais correspondentes á familia profesional de Administración e Xestión (BOE número 109, do 7 de maio).

O contido das probas abranguerá materia das unidades formativas seguintes:

UF0319. Sistema operativo, busca de información: internet/intranet e correo electrónico.

UF0320. Aplicacións informáticas de tratamento de textos.

UF0321. Aplicacións informáticas de follas de cálculo.

UF0322. Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais.

UF0323. Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información.

Para a realización das probas, cada aspirante poderá optar, no momento da matrícula, pola plataforma Windows 7 ou Ubuntu 10.04, Microsoft Office 2010 ou OpenOffice.org 3.2.1. Probas de acreditación das competencias dixitais en ofimática.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 30 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia.

**Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft office 2010).
CV13059**

Obxectivos:

Proporcionar coñecementos avanzados no procesador de textos Word.

Destinatarios:

Empregados do INGACAL con coñecementos e acceso a internet.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 30 de setembro ao 28 de outubro

Prazas: 30

Contido básico:

1. Formatos avanzados
2. Tabulacións
3. Estilos
4. Cabeceiras, pés de páxina e notas no pé.
5. Táboas
6. Combinar correspondencia
7. Configuración avanzada
8. Manexo de macros e accións importantes do Word

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

Medio de linguaxe administrativa galega. CV13060

Obxectivos:

A capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade autónoma de Galicia

Destinatarios:

Empregados do INGACAL

Para solicitar os cursos de linguaxe administrativa galega de nivel medio deberá terse superado ou validado o curso de perfeccionamento de linguaxe administrativa galega ou CELGA 4.

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 28 de outubro ao 22 de decembro

Prazas: 30

Contido básico:

Contido sinalado no Anexo II da Orde do 13 de xuño de 2011 (DOG nº 121, do 24 de xuño).

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e o Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

Aplicacións informáticas para bases de datos relacionais (Microsoft Access 2010). CV13062

Obxectivos:

Coñecer a aplicación informática para bases de datos relacionais Microsoft Access 2010 e o seu manexo.

Destinatarios:

O curso vai dirixido a persoas de servizos que formen parte do sistema integrado de protección civil e emerxencias de Galicia (artigos 43 e 44 da Lei 5/2007, do 7 de maio de emerxencias de Galicia) e que estean integrados nalgunha das seguintes categorías:

Persoal voluntario de agrupacións de voluntarios de protección civil

Profesionais de servizos relacionados coa xestión de riscos e de emerxencias, con independencia do réxime xurídico de xestión: servizos municipais e supramunicipais de protección civil e profesionais dos servizos de extinción de incendios e salvamento (bombeiros municipais e comarcais).

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 23 de outubro ao 10 de decembro

Prazas: 60

Contido básico:

Introdución ás bases de datos e Microsoft Access 2010

Bases de datos avanzadas

Consultas en Microsoft Access 2010

Formularios en Microsoft Access 2010

Informes en Microsoft Access 2010

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado, o 15 de xaneiro de 2013, entre a Escola Galega de Administración Pública e a Academia Galega de Seguridade Pública.

Prevención de riscos laborais: Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (Residencias de Maiores) (Refresco). CV13063

Obxectivos:

Formar os integrantes dos grupos de acción das medidas de emerxencia dos centros de traballo da Xunta de Galicia(Residencias de Maiores) segundo sinala a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais no seu artigo 20.

Destinatarios:

Persoal que presta servizos nas Residencias de Maiores da Xunta de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 6 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 14

Lugares e datas:

Ourense: 19 de novembro

Ourense: 20 de novembro

Ourense: 21 de novembro

Pontevedra: 12 de novembro

Pontevedra: 13 de novembro

Santiago de Compostela: 29 de outubro

Santiago de Compostela: 29 de outubro

Santiago de Compostela: 30 de outubro

Santiago de Compostela: 31 de outubro

Vigo: 5 de novembro

Vigo: 5 de novembro

Vigo: 6 de novembro

Vigo: 7 de novembro

Vigo: 14 de novembro

Prazas: 594

Contido básico:

- Incendio: conceptos básicos, axentes extintores, equipos de protección contra incendios.
- Actuación en caso de emerxencia nas residencias de maiores.
- Primeiros auxilios.
- Prácticas con lume real: Os extintores.

Convocatoria:

Esta acción formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e Mugatra Sociedade de Prevención S.L.U.

Prevención de riscos laborais: Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación (Residencias de Maiores). CV13064

Obxectivos:

Formar os integrantes dos grupos de acción das medidas de emerxencia dos centros de traballo da Xunta de Galicia segundo sinala a Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais no seu artigo 20.

Destinatarios:

Persoal que presta servizos nas Residencia de Maiores Torrente Ballester da Xunta de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 12 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 3

Lugares e datas:

A Coruña: 26 de novembro

A Coruña: 26 de novembro

A Coruña: 27 de novembro

Prazas: 35 en cada edición

Contido básico:

- Incendio: conceptos básicos, axentes extintores, equipos de protección contra incendios.
- Actuación en caso de emerxencia na Residencia de Maiores Torrente Ballester.
- Primeiros auxilios.
- Prácticas con lume real: Os extintores.

Convocatoria:

Esta acción formativa realízase ao abeiro do convenio de colaboración do 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e Mugatra Sociedade de Prevención S.L.U.

Curso de directivos de AAVV. CV13065

Obxectivos:

Formar o persoal directivo das asociacións veciñais federadas.

Destinatarios:

Directivos de asociacións veciñais que estean federadas.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 6

Lugares e datas:

A Coruña: do 27 de setembro ao 22 de novembro

Ferrol: do 27 de setembro ao 15 de novembro

Lugo: do 27 de setembro ao 22 de novembro

Ourense: do 27 de setembro ao 15 de novembro

Pontevedra: do 28 de setembro ao 15 de novembro

Vigo: do 4 de outubro ao 15 de novembro

Prazas: 195

Contido básico:

Bloque I: Informática.

Bloque II: Contabilidade.

Bloque III: Protocolo.

Bloque IV: O procedemento administrativo.

Bloque V: Axudas e subvencións.

Convocatoria:

Curso organizado ao abeiro do convenio de colaboración asinado en data 15 de xaneiro de 2013 entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Confederación Galega de Asociacións Veciñais Rosalía de Castro e a Escola Galega de Administración Pública.

A función consultiva para o persoal da Administración autonómica: o Consello Consultivo de Galicia. CV13066

Obxectivos:

Construír unha canle de divulgación da doutrina sentada polo Consello Consultivo de Galicia nas materias obxecto da súa competencia. Permitir a apertura dun foro de debate sobre as mesmas entre todos os asistentes ao curso.

Destinatarios:

Persoal funcionario dos grupos A1, A2 e C1 e laboral dos grupos I, II e III da Administración autonómica.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 28 de outubro ao 6 de novembro

Prazas: 25

Contido básico:

I.- A contratación administrativa: modificación e resolución dos contratos. II.- A revisión de oficio dos actos e disposicións administrativas de carácter xeral. III.- O control da potestade regulamentaria. O regulamento. Relacións entre lei e regulamento. Titularidade da potestade regulamentaria. O principio de reserva de lei. IV.- Procedemento de elaboración de disposicións de carácter xeral. Normativa reguladora. V.- Directrices de técnica normativa. VI.- A responsabilidade patrimonial da Administración pública. VII.- Elaboración dun suposto práctico (2 horas)

Convocatoria:

O curso foi organizado ao abeiro do convenio de colaboración asinado o 25 de febreiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e o Consello Consultivo de Galicia.

Medio de linguaxe administrativa galega. CV13067

Obxectivos:

A capacitación lingüística en galego do persoal ao servizo da ACSUG

Destinatarios:

Persoal ao servizo da ACSUG

Desenvolvemento:

Duración: 75 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 28 de outubro ao 22 de decembro

Prazas: 14

Contido básico:

Anexo III da Orde do 13 de xuño de 2011 pola que se regulan os curso de linguaxe administrativa e xurídicas galegas

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado, o 15 de xaneiro de 2013, entre a Escola Galega de Administración Pública e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Curso de disciplina urbanística. CV13068

Obxectivos:

Perfeccionar e afondar en coñecementos urbanísticos en xeral, e na disciplina urbanística en particular. Analizarase o réxime do solo, as súas clases e posibles aproveitamentos, o réxime dos concellos galegos, o dereito transitorio urbanístico e o réxime disciplinario, cunha especial referencia ás actas de inspección así como aos procedementos de reposición da legalidade urbanística e sancionadores. Asemade, analizarase o réxime vixente da Lei de Costas e os delitos contra o urbanismo e a ordenación do territorio.

Destinatarios:

Axentes do Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil, e axentes da Policía Nacional adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 25 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: do 11 ao 15 de novembro

Prazas: 50

Contido básico:

1. A evolución histórica da lexislación urbanística española e galega. O marco constitucional do urbanismo. Competencias do estado, das comunidades autónomas e das entidades locais. A Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e as súas modificacións. Especial referencia á Lei 2/2010, do 25 de marzo e á Lei 8/2012, do 29 de xuño.
2. O solo rústico: concepto e categorías. Réxime de usos: permitidos, autorizables e prohibidos. A autorización autonómica: ámbito e procedemento. O réxime de usos na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.
3. O solo urbano: concepto, categorías e réxime xurídico do solo urbano. O solo de núcleo rural e o solo urbanizable.
4. O planeamento urbanístico. Natureza xurídica dos plans. Planeamento xeral e planeamento de desenvolvemento.
5. O réxime transitorio do Planeamento non adoptado. O réxime dos concellos sen planeamento. Dereito Transitorio.
6. A inspección urbanística. Investigación e medios de proba. As actas de

inspección. O persoal de inspección urbanística e a súa condición de autoridade: funcións.

As cuestións e conceptos técnicos: ocupación, alienación, recuamentos, edificabilidade, entre outros.

7. A acción de reposición da legalidade urbanística. O procedemento administrativo. Outras actividades sen licenza ou sen autorización autonómica. As infraccións urbanísticas, as persoas responsables.

8. A execución forzosa das orde de demolición. Entrada en domicilio e garantías constitucionais.

9. As medidas disciplinarias na zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre.

10. Os delitos contra o urbanismo e a ordenación do territorio.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 15 de xaneiro de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Word 2010). CV13069

Obxectivos:

Proporcionar coñecementos avanzados no procesador de textos Word.

Destinatarios:

Auxiliares administrativos e Auxiliares de Atención Cidadá do Concello da Coruña.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: do 18 de novembro ao 17 de decembro

T02: do 18 de novembro ao 17 de decembro

Prazas: 50 en cada edición

Contido básico:

- Formatos avanzados.
- Tabulacións.
- Estilos.
- Cabeceiras, pés de páxina e notas de pé.
- Táboas.
- Combinar correspondencia.
- Configuración avanzada.
- Manexo de macros e accións importantes de Word.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 5 de marzo de 2013 entre a Escola Galega de Administración Pública e o Concello de A Coruña.

Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Openoffice). CV13070

Obxectivos:

Acreditar coñecementos teórico-prácticos de aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (OpenOffice) dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, cuxo contido actualmente coincide co módulo formativo MF0233_2 Ofimática (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación do Catálogo Nacional de Cualificacións.

Destinatarios:

Empregados públicos que superasen as actividades formativas de aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información do Plan de Formación para o emprego nas Administracións Públicas 2013, no marco do Acordo de Formación para Emprego das Administracións Públicas de 22 de marzo de 2010 (AFEDAP), en accións formativas promovidas pola organización sindical Central Sindical independente y de funcionarios (CSI-F) en Galicia no ano 2013.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: 19 de novembro

Prazas: 10

Contido básico:

O temario para a avaliación será o correspondente á unidade formativa UF0323 do módulo formativo MF0233_2 “Ofimática” (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 “Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación” do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Convocatoria:

Actividade organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 1 de marzo de 2013 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Escola Galega de Administración Pública e a Central Sindical e Independiente de

Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft office 2010). CV13071

Obxectivos:

Acreditar coñecementos teórico-prácticos de aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office) dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, cuxo contido actualmente coincide co módulo formativo MF0233_2 Ofimática (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación do Catálogo Nacional de Cualificacións.

Destinatarios:

Empregados públicos que superasen as actividades formativas de aplicacións informáticas de follas de cálculo do Plan de Formación para o emprego nas Administracións Públicas 2013, no marco do Acordo de Formación para Emprego das Administracións Públicas de 22 de marzo de 2010 (AFEDAP), en accións formativas promovidas pola organización sindical Central Sindical independente y de funcionarios (CSI-F) en Galicia no ano 2013.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: 21 de novembro

Prazas: 10

Contido básico:

O temario para a avaliación será o correspondente á unidade formativa UF0321 do módulo formativo MF0233_2 “Ofimática” (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 “Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación” do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Convocatoria:

Actividade organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 1 de marzo de 2013 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Escola Galega de Administración Pública e a Central Sindical e Independiente de Funcionarios de Galicia.

Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft office 2010). CV13072**Obxectivos:**

Acreditar coñecementos teórico-prácticos de aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office) dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, cuxo contido actualmente coincide co módulo formativo MF0233_2 Ofimática (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación do Catálogo Nacional de Cualificacións.

Destinatarios:

Empregados públicos que superasen as actividades formativas de aplicacións informáticas de tratamento de textos do Plan de Formación para o emprego nas Administracións Públicas 2013, no marco do Acordo de Formación para Emprego das Administracións Públicas de 22 de marzo de 2010 (AFEDAP), en accións formativas promovidas pola organización sindical Central Sindical independente e y de funcionarios (CSI-F) en Galicia no ano 2013.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 2

Lugares e datas:

T01: 21 de novembro

T02: 22 de novembro

Prazas: 20 en cada edición

Contido básico:

O temario para a avaliación será o correspondente á unidade formativa UF0320 do módulo formativo MF0233_2 “Ofimática” (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 “Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación” do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Convocatoria:

Actividade organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 1 de marzo de 2013 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Escola Galega de Administración Pública e a Central Sindical e Independiente de Funcionarios de Galicia.

Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft office 2010). CV13073**Obxectivos:**

Acreditar coñecementos teórico-prácticos de aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft Office) dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, cuxo contido actualmente coincide co módulo formativo MF0233_2 Ofimática (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación do Catálogo Nacional de Cualificacións.

Destinatarios:

Empregados públicos que superasen as actividades formativas de aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información do Plan de Formación para o emprego nas Administracións Públicas 2013, no marco do Acordo de Formación para Emprego das Administracións Públicas de 22 de marzo de 2010 (AFEDAP), en accións formativas promovidas pola organización sindical Central Sindical independente e y de funcionarios (CSI-F) en Galicia no ano 2013.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: 22 de novembro

Prazas: 10

Contido básico:

O temario para a avaliación será o correspondente á unidade formativa UF0323 do módulo formativo MF0233_2 “Ofimática” (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 “Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación” do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Convocatoria:

Actividade organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 1 de marzo de 2013 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Escola Galega de Administración Pública e a Central Sindical e Independiente de

Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Openoffice) CISF. CV13074**Obxectivos:**

Acreditar coñecementos teórico-prácticos de aplicacións informáticas de tratamento de textos (OpenOffice) dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, cuxo contido actualmente coincide co módulo formativo MF0233_2 Ofimática (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación do Catálogo Nacional de Cualificacións.

Destinatarios:

Empregados públicos que superasen as actividades formativas de aplicacións informáticas de tratamento de textos do Plan de Formación para o emprego nas Administracións Públicas 2013, no marco do Acordo de Formación para Emprego das Administracións Públicas de 22 de marzo de 2010 (AFEDAP), en accións formativas promovidas pola organización sindical Central Sindical independente e de funcionarios (CSI-F) en Galicia no ano 2013.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: 22 de novembro

Prazas: 10

Contido básico:

O temario para a avaliación será o correspondente á unidade formativa UF0320 do módulo formativo MF0233_2 “Ofimática” (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 “Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación” do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Convocatoria:

Actividade organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 1 de marzo de 2013 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Escola Galega de Administración Pública e a Central Sindical e Independiente de Funcionarios de Galicia.

Sistema operativo, busca da información: Internet/intranet e correo electrónico (contorno Windows). CV13075**Obxectivos:**

Acreditar coñecementos teórico-prácticos de sistema operativo, busca de información: internet/intranet e correo electrónico (Contorno Windows) dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, cuxo contido actualmente coincide co módulo formativo MF0233_2 Ofimática (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación do Catálogo Nacional de Cualificacións.

Destinatarios:

Empregados públicos que superasen as actividades formativas de sistema operativo, busca de información: internet/intranet e correo electrónico do Plan de Formación para o emprego nas Administracións Públicas 2013, no marco do Acordo de Formación para Emprego das Administracións Públicas de 22 de marzo de 2010 (AFEDAP), en accións formativas promovidas pola organización sindical Central Sindical independente e de funcionarios (CSI-F) en Galicia no ano 2013.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: 25 de novembro

Prazas: 10

Contido básico:

O temario para a avaliación será o correspondente á unidade formativa UF0319 do módulo formativo MF0233_2 “Ofimática” (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 “Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación” do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Convocatoria:

Actividade organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 1 de marzo de 2013 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Escola Galega de Administración Pública e CSI-F de Galicia.

Sistema operativo, busca da información: Internet/intranet e correo electrónico (contorno Linux). CV13076**Obxectivos:**

Acreditar coñecementos teórico-prácticos de sistema operativo, busca de información: internet/intranet e correo electrónico (Contorno Linux) dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, cuxo contido actualmente coincide co módulo formativo MF0233_2 Ofimática (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación do Catálogo Nacional de Cualificacións.

Destinatarios:

Empregados públicos que superasen as actividades formativas de sistema operativo, busca de información: internet/intranet e correo electrónico do Plan de Formación para o emprego nas Administracións Públicas 2013, no marco do Acordo de Formación para Emprego das Administracións Públicas de 22 de marzo de 2010 (AFEDAP), en accións formativas promovidas pola organización sindical Central Sindical independente e de funcionarios (CSI-F) en Galicia no ano 2013.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: 25 de novembro

Prazas: 10

Contido básico:

O temario para a avaliación será o correspondente á unidade formativa UF0319 do módulo formativo MF0233_2 “Ofimática” (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 “Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación” do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Convocatoria:

Actividade organizada en virtude do convenio de colaboración asinado o 1 de marzo de 2013 entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Escola Galega de Administración Pública e CSI-F de Galicia.

A protección de datos de carácter persoal. Nivel avanzado. CV13077**Obxectivos:**

Capacitar aos responsables de seguridade no tratamento de datos persoais para resolver a problemática diaria asociada aos seus postos de traballo no que se refire ao cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos persoais, xa sexa de tipo xurídico, organizativo e/ou tecnolóxico.

Destinatarios:

Xefes e mandos dos corpos da policía local de Galicia e Unidade do Corpo nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, no caso de quedar prazas vacantes, persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado que traballen en Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 40 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 25 de novembro ao 27 de decembro

Prazas: 30

Contido básico:

Módulo 1: Conceptos básicos e marco normativo

Módulo 2: principios de protección de datos persoais

Módulo 3: Dereitos e obrigas (I-II)

Módulo 4: Seguridade no sistema da información

Módulo 5: O documentos de seguridade

Módulo 6: O cumprimento legislativo na organización: implantación, mantemento e vixilancia

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado, o 15 de xaneiro de 2013, entre a Escola Galega de Administración Pública e a Academia Galega de Seguridade Pública.

Negociación e traballo en equipo. CV13078

Obxectivos:

Cofecer a importancia de optimizar as habilidades sociais no ámbito do traballo.
Recoñecer os principios básicos que rexen a negociación e o traballo en equipo.
Desenvolver técnicas que axuden a poñer en práctica accións de mellora dende o posto de traballo das habilidades obxecto de estudo.

Destinatarios:

Xefes e mandos dos corpos da policía local de Galicia e Unidade do Corpo nacional de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, no caso de quedar prazas vacantes, persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado que traballen en Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 20 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 25 de novembro ao 16 de decembro

Prazas: 20

Contido básico:

Habilidades de comunicación e xestión de conflitos. Aproximación os conceptos de mediación, conflito, diversidade, interculturalidade e multiculturalidade.

Traballo en equipo. Bases da colaboración profesional. Bases do traballo en equipo. Instrumentos para o traballo en equipo. Concepto e requisitos e características do traballo en equipo.

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado, o 15 de xaneiro de 2013, entre a Escola Galega de Administración Pública e a Academia Galega de Seguridade Pública.

Curso sobre aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Excel 2010). CV13079

Obxectivos:

Cofecer a aplicación informática de folla de cálculo Microsoft Excel 2010 e o seu manexo.

Destinatarios:

Persoal da policía local de Galicia e da Unidade do Corpo da policía Nacional adscrita a Comunidade Autónoma con carácter preferente. No caso de haber prazas vacantes, persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado que traballen en Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 25 de novembro ao 27 de decembro

Prazas: 40

Contido básico:

Libros e follas en Excel
Creación de series e arrastrado de fórmulas
Estilos e formatado de celas
Fórmulas e referencias
Traballar con bases de datos en Excel
Formatos avanzados de gráficas
Manipulación de macros
Impresión, exportación, ortografía, idioma

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado, o 15 de xaneiro de 2013, entre a Escola Galega de Administración Pública e a Academia Galega de Seguridade Pública.

Curso sobre aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Word 2010). CV13080

Obxectivos:

Coñecer a aplicación informática de tratamento de textos Microsoft Word 2010 e o seu manexo.

Destinatarios:

Persoal da policía local de Galicia e da Unidade do Corpo da policía Nacional adscrita a Comunidade Autónoma con carácter preferente. No caso de haber prazas vacantes, persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado que traballen en Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 25 de novembro ao 27 de decembro

Prazas: 40

Contido básico:

Formatos avanzados

Tabulacións

Estilos

Cabeceiras, pés de páxina e notas no pé

Táboas

Combinar correspondencia

Configuración avanzada

Manexo de macros e accións importantes de Word

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado, o 15 de xaneiro de 2013, entre a Escola Galega de Administración Pública e a Academia Galega de Seguridade Pública.

Curso sobre aplicacións informáticas para bases de datos relacionais (Microsoft Access 2010). CV13081

Obxectivos:

Coñecer a aplicación informática para bases de datos relacionais Microsoft Access 2010 e o seu manexo

Destinatarios:

Persoal da policía local de Galicia e da Unidade do Corpo da policía Nacional adscrita a Comunidade Autónoma con carácter preferente. No caso de haber prazas vacantes, persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado que traballen en Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 50 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 25 de novembro ao 27 de decembro

Prazas: 40

Contido básico:

Introdución ás bases de datos e Microsoft Access 2010

Bases de datos avanzadas.

Consultas en Microsoft Access 2010

Formularios en Microsoft Access 2010

Informes en Microsoft Access 2010

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado, o 15 de xaneiro de 2013, entre a Escola Galega de Administración Pública e a Academia Galega de Seguridade Pública.

Curso sobre aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft Powerpoint 2010). CV13082

Obxectivos:

Coñecer a aplicación informática para presentacións: gráficas de información Microsoft Powerpoint 2010 e o seu manexo

Destinatarios:

Persoal da policía local de Galicia e da Unidade do Corpo da policía Nacional adscrita a Comunidade Autónoma con carácter preferente. No caso de haber prazas vacantes, persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado que traballen en Galicia.

Desenvolvemento:

Duración: 30 horas

Modalidade: Teleformación

Edicións: 1

Lugares e datas:

T01: do 25 de novembro ao 27 de decembro

Prazas: 40 en cada edición

Contido básico:

Coñecendo o Powerpoint
Presentación de información
Decorando as presentacións
Efectos especiais e publicación
Actividades globais

Convocatoria:

Actividade formativa organizada en virtude do convenio de colaboración asinado, o 15 de xaneiro de 2013, entre a Escola Galega de Administración Pública e a Academia Galega de Seguridade Pública.

MF0233_2 Ofimática CCOO (Contorno Microsoft). CV13083

Obxectivos:

Acreditar coñecementos teórico-prácticos dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, cuxo contido actualmente coincide co descrito no módulo formativo MF0233_2 Ofimática(190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación do Catálogo Nacional de Cualificacións.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as que superasen as actividades formativas de ofimática do Plan de Formación para o emprego nas Administracións Públicas 2013, no marco do Acordo de Formación para Emprego das Administracións Públicas de 22 de marzo de 2010 (AFEDAP), en accións formativas promovidas pola organización sindical Comisións Obreiras (CCOO) en Galicia no ano 2013.

Desenvolvemento:

Duración: 190 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 17 de decembro

Prazas: 60

Contido básico:

O temario para a avaliación será o descrito no módulo formativo MF0233_2 “Ofimática” (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 “Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación” do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Convocatoria:

Actividade realizada en base ao acordo de colaboración asinado con data 22 de febreiro de 2013, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Escola Galega de Administración Pública e a Federación de Servizos á Cidadanía de CC.OO. de Galicia.

MF0233_2 Ofimática CCOO (Contorno OpenOffice). CV13084

Obxectivos:

Acreditar coñecementos teórico-prácticos dentro do Plan Formativo Ofimático de Galicia, cuxo contido actualmente coincide co descrito no módulo formativo MF0233_2 Ofimática(190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación do Catálogo Nacional de Cualificacións.

Destinatarios:

Empregados/as públicos/as que superasen as actividades formativas de ofimática do Plan de Formación para o emprego nas Administracións Públicas 2013, no marco do Acordo de Formación para Emprego das Administracións Públicas de 22 de marzo de 2010 (AFEDAP), en accións formativas promovidas pola organización sindical Comisións Obreiras (CCOO) en Galicia no ano 2013.

Desenvolvemento:

Duración: 190 horas

Modalidade: Presencial

Edicións: 1

Lugares e datas:

Santiago de Compostela: 17 de decembro

Prazas: 60

Contido básico:

O temario para a avaliación será o descrito no módulo formativo MF0233_2 “Ofimática” (190 horas) do Repertorio Nacional de certificados de profesionalidade, asociado á unidade de competencia UC0233_2 “Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación” do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.

Convocatoria:

Actividade realizada en base ao acordo de colaboración asinado con data 22 de febreiro de 2013, entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, a Escola Galega de Administración Pública e a Federación de Servizos á Cidadanía de CC.OO. de Galicia.

PUBLICACIONES

A EGAP, de acordo coa súa función de promover a investigación, a documentación e o debate en materias relacionadas coas administracións públicas, conta con dúas publicacións periódicas de carácter científico que se editan con carácter semestral: a Revista Galega de Administración Pública (Regap) e a revista Administración & Cidadanía.

As revistas da Escola Galega de Administración Pública están incluídas dentro das bases de datos máis prestixiosas no ámbito da comunidade internacional, como son o DICE (CSIC) e Latindex. Isto supón que as revistas cumpren os estándares científicos que garanten a calidade e o rigor da publicación e dos artigos que contén.

Nestes momentos a EGAP edita dous tipos de publicacións. O primeiro deles refírese ás publicacións periódicas (semestrais) que inclúen a Regap e A&C. O segundo tipo son publicacións únicas referidas a unha temática concreta que afondan en temas actuais relacionados coa Administración pública.



Revista Galega de Administración Pública (Regap)

Publicación semestral de contido xurídico-administrativo sobre a realidade da Administración pública actual. Inclúe estudos e artigos doutrinarios, novas sobre a actualidade legislativa e xurisprudencial, e crónicas.

Nas páxinas desta publicación, nacida no ano 1992, ofrécese unha visión rigorosa e experta a través de traballos sobre temas relacionados coa Administración autonómica e local, a función pública ou a ciencia da Administración. Ademais, autores latinoamericanos analizan cuestións relativas aos seus países.

Administración&Cidadanía (A&C):

Revista con contidos relacionados coa socioloxía e a ciencia política. Nela publícanse estudos nos que se analiza a relación entre a política e a Administración desde unha visión multidisciplinar.

Nacida en 2006, pretende ofrecer un novo enfoque sobre a realidade organizativa e xerencial da Administración pública e achegar novas perspectivas ao estudo dos procesos de intervención pública e do seu impacto económico, xurídico, político e sociolóxico.

Ao adoptar unha estratexia interdisciplinaria, *Administración & Cidadanía* contribúe a perfeccionar a acción de goberno, a mellorar a xestión pública e, en consecuencia, a enriquecer a actividade administrativa e a refinar o seu servizo á comunidade. Sitúanse no centro de atención desta publicación as persoas con responsabilidades políticas, os cadros de persoal, incluíndo o directivo, e todas aquelas persoas pertencentes ao ámbito académico preocupadas por modernizar e mellorar a actuación do sector público, por reforzar o seu encaixe na sociedade e facilitar o diálogo entre a cidadanía e a Administración.

Números de A&C publicados no 2013:

Volume 8, número 1. Sumario:

- Juan Rial Roade (Universidade da República, Montevideo, República Oriental do Uruguai) e Carlos Sixirei Paredes (Universidade de Vigo, Galicia-España), «Un percorrido polas distintas formas de Estado en América Latina».
- Alenxander Maz-Machado, Noelia Jiménez Fanjul, Natividad Adamuz Povedano e Cristina Adrián Jiménez (Universidade de Córdoba, España), «Análise de xénero no goberno das universidades españolas».
- Arturo de Nieves Gutiérrez de Rubalcava (Centro de Investigacións sociolóxicas e Universidade da Coruña, España), «O discurso político nas eleccións ao parlamento de Galicia 2009».
- Beatriz de Otto López e Verónica Cañal Fernández (Universidade de Oviedo, España), «O sistema electoral autonómico en Asturias: análise e alternativas».
- Jesús Amador Valdés Díaz de Villegas (Universidade Iberoamericana, México), «Economía política da crise na globalización».
- Francisco Jesús Ferreiro (Universidade de Santiago de Compostela e Universidade da Coruña, Galicia-España), «A importancia da empresa nos modelos de crecemento económico».
- Carlota Rego Palleiro (Universidade de Santiago de Compostela), «A influencia da pertenza á Unión Europea nas entidades locais das provincias galegas do interior. Estudo sobre a gobernanza multi-nivel na Unión Europea nas capitais de provincia e nas deputacións de Lugo e Ourense».
- Rubén Miranda Gonçalves (Universidade de Santiago de Compostela), «Nacimiento y evolución del ferrocarril y su régimen jurídico en España» (Madrid, Dykinson, 2013) de Roberto O. Bustillo Bolado.

XESTIÓN DA CALIDADE

Avaliación da calidade

A Escola Galega de Administración Pública é consciente de que para coñecer o nivel de calidade dun servizo é preciso saber que opinan del as persoas que o usan. A mellora da oferta e das actuacións formativas debe formularse desde o punto de vista dos seus usuarios, neste caso como alumnado.

Así, a Carta de servizos da EGAP fai referencia á avaliación continua das accións formativas -presenciais e de teleformación- convocadas pola EGAP a través do Sistema Integral de Avaliación da Calidade, co obxectivo de mellorar a programación e a xestión da formación (servizo 4). Ademais, recolle unha serie de compromisos relativos á avaliación da formación, entre os que se atopa o compromiso de avaliar o 100% das accións formativas que a EGAP leve a cabo anualmente (compromiso 4.1). Finalmente, na procura da maior transparencia, e co obxectivo de cumprir outro dos compromisos asumidos (compromiso 4.3), a EGAP fixo público os dous últimos anos o informe cos resultados obtidos.

Como consecuencia de todo o anterior, a Escola vén traballando nos últimos anos na consolidación do sistema de avaliación da formación, paralelamente a outras iniciativas de mellora, co propósito de coñecer os niveis reais de satisfacción do alumnado coas actividades e co labor docente.

A avaliación é unha actuación transversal ao desenvolvemento dos plans formativos, extensiva a todas as modalidades de ensino e da que son partícipes os distintos axentes implicados na formación, os cales achegan as súas valoracións mediante distintos modelos de cuestionario específicos.

Grazas á información sistemática e permanente da que se dispón é

posible mellorar a programación e a xestión da formación durante o desenvolvemento das actividades, garantindo ademais unha maior adecuación ás expectativas do alumnado. Así pois, a avaliación constitúe un factor clave para promover a mellora continua, máxime nunha organización dedicada á formación dos empregados públicos.

A información, que se obtén a partir dunha serie de indicadores clave para a avaliación de programas formativos, configúrase como fonte de aprendizaxe e guía de acción que contribúe a incrementar a satisfacción do alumnado e a prestar un servizo de calidade.

En total, no 2013 avaliáronse **7.172 enquisas** pertencentes ás tres administracións (autonómica, local e xustiza) e nas modalidades presencial e de teleformación, das cales se obtiveron os seguintes resultados (nunha escala de 1 a 5):

Satisfacción media coa actividade formativa:	4,35
Satisfacción media na modalidade presencial:	4,37
Satisfacción media en teleformación:	4,33
Satisfacción media nos cursos de idiomas:	4,41

Duración da actividade formativa:		
Demasiado extensa	Axeitada	Demasiado curta
4,9%	73,0%	22,1%

Horas dedicadas aos contidos prácticos				
Menos dun 25%	Entre un 25% e un 34%	Entre un 35% e un 44%	Entre un 45% e un 55%	Máis dun 55%
8,1%	13,3%	15,5%	24,0%	39,1%

A actividade formativa mellorou os seus coñecementos				
Nada de acordo	Pouco de acordo	Algo de acordo	Bastante de acordo	Moi de acordo
1,2%	2,8%	12,3%	34,5%	49,2%

Motivos para facer os cursos	
Axudar a mellorar a miña formación	4,38
Obter puntos para concursos internos e promoción	3,60
Mellorar a calidade do meu traballo	4,13
Actualizar a miña formación adaptándoa ás novas esixencias ou cambios no contido ou procedementos do meu traballo	4,19

BIBLIOTECA DA EGAP

Biblioteca

A biblioteca da Escola está integrada na [Rede de Bibliotecas de Galicia](#) e emprega o programa de xestión bibliotecaria de código aberto Koha, adaptado para a rede galega pola Consellería de Cultura. Os seus fondos pódense consultar a través do catálogo público de acceso en liña (OPAC) no enderezo <http://egap.rbgalicia.org/>



Ademais, a biblioteca participa no proxecto [DILVE](#) para dotar de contido extra a información bibliográfica. Este é un proxecto, dirixido pola Federación de Gremios de Libreiros de España e a Biblioteca Nacional de España, que agrupa a máis de 140 editoriais españolas.

Esta plataforma permite obter información bibliográfica e comercial do libro, ademais de cargar e extraer os datos de cada obra xunto con contidos extra (cubertas, resumos, fragmentos, acceso ao documento a través de Google Scholar...).

Instalacións

A Biblioteca da EGAP conta con 57 postos de consulta distribuídos en dúas plantas que suman 190 m² de superficie. Dispón de 2 ordenadores para uso público (con acceso a internet e ao paquete ofimático básico) e un lector de microfichas.

Usuarios

A biblioteca conta cun total de 1428 usuarios con carta de lector. No ano 2013, 10 persoas solicitaron a súa carta de lector.

O servizo de biblioteca está dispoñible ao público 37.5 horas semanais e ao longo deste ano fixeron uso das instalacións 513 persoas.



Fondos

A biblioteca conta cun amplo fondo bibliográfico froito da compra, o intercambio e tamén doazón con outras institucións e organismos. Posúe 13790 monografías, case todas en acceso libre, 1775

microformas e 290 títulos de publicacións seriadas. No ano 2013 incorporáronse 294 novas monografías ao fondo. Na actualidade conta con ao redor de 290 títulos de publicacións seriadas (revistas, diarios, boletíns, etc.).

Ademais, desde o catálogo da biblioteca dáse acceso á versión electrónica 24 publicacións e ás publicacións electrónicas da EGAP.

Préstamos

Durante 2013 prestáronse 64 libros. Cómpre destacar que só se cuantifican os préstamos e non as sucesivas renovacións, así como tampouco se teñen en conta os diversos volumes que poden formar unha obra.

Consultas

A biblioteca recibe numerosas consultas a través do teléfono, o correo electrónico e fundamentalmente de xeito presencial. Só se rexistran as demandas de bibliografía ou documentación, non se teñen en conta as relativas ao uso da biblioteca, a política de préstamos, horarios, funcionamento do catálogo, distribucións dos fondos... As consultas recibidas respondéronse normalmente por correo electrónico, mediante o envío de artigos ou capítulos de libros dixitalizados, evitando sempre que foi posible o uso do papel. Durante o ano recibíronse 31 consultas e proporcionáronse 91 ítems.

RELACIÓN DE DOCENTES

Abalo Quintela, José Enrique

O coidado do alumnado con inadaptación escolar por trastornos de conduta

Aboal Viñas, Jacobo

Curso sobre a Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

O novo período de desenvolvemento rural 2014-2020

Abuin Ces, Maria Dorinda

Medio de linguaxe administrativa Galega

Abuin Flores, Carlos

Curso práctico sobre a Lei 16/2010, do 17 de decembro - LOFAXGA

Aldrey Vázquez, José Antonio

Curso Superior de Técnico de Urbanismo 2012 - PERÍODO 2013

III Curso de Rehabilitación e Revitalización urbana en Galicia: da conservación dos cascos históricos ás áreas de rehabilitación integral nos barrios

Curso de Sistemas de Información Xeográfica 2013 (SIX 2013)

Allegue Requeijo, Beatriz

As particularidades das entidades instrumentais do sector público autonómico

Curso práctico sobre a Lei 16/2010, do 17 de decembro - LOFAXGA

Perfeccionamento de xefatura de sección

Obradoiro de contratación administrativa. Nivel avanzado

Aller Labandeira, Francisco Manuel

Curso sobre Expropiación Forzosa e Valoracións: proced. expr, métodos de valoración e criterios do X. de Ex de G. para a determinación do xustiprezo

Almeida Cerredá, Marcos

Curso sobre a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia

Subvencións e axudas económicas en tempos de crise

Alonso Martín, Ignacio

Software libre para arquivos: ICA-AtoM.

Alonso Padin, Luis

Comunicación escrita e elaboración de informes

Como elaborar presentacións eficaces a través do programa Powerpoint 2010

Alonso Picon, Jose Francisco

Curso de elaboración e implantación de plans de emerxencia

Alvarez Romero, Enrique

O desenvolvemento práctico da directiva de servizos: procedementos administrativos adaptados.

A responsabilidade do Estado por violacións do dereito da UE na xurisprudencia recente do TXUE e do TS español

Alvarez Somoza, Jacinto

Curso práctico de subvencións. Lei 9/2007 e regulamento de subvencións de Galicia.

Fiscalización e auditoría de expedientes financiados con fondos comunitarios

Andrés Quintela, Óscar

III Curso de Rehabilitación e Revitalización urbana en Galicia: da conservación dos cascos históricos ás áreas de rehabilitación integral nos barrios

Area Marti, Lucia

Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación.

Arenilla Sáez, Manuel

Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración autonómica de Galicia

Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración local de Galicia

Ares Castro-Conde, Cristina

Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración autonómica de Galicia

Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración local de Galicia

Argüello Fernández, Juan Carlos

Curso sobre Expropiación Forzosa e Valoracións: proced. expr, métodos de valoración e criterios do X. de Ex de G. para a determinación do xustiprezo

Arias Trillo, Marta

ITIL v3 2011

Arufe Varela, Alberto

Curso Monográfico sobre retos e perspectivas do emprego público nun contexto de crise

Asociacion Profesional De Axentes De Igualdade De Oportunidades Galega (Apaioaga)

Formación básica en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

Autoescuela Santa Eulalia, S.L.

Curso de conducción preventiva e conducción eficiente para condutores/as do parque móbil da Xunta de Galicia

Aymerich Valladares, Mercedes

Curso sobre Expropiación Forzosa e Valoracións: proced. expr, métodos de valoración e criterios do X. de Ex de G. para a determinación do xustiprezo

Bahillo Varela, Raquel Belén

Curso de directivos de AAVV

Ballart Hernández, Xavier

Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración autonómica de Galicia

Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración local de Galicia

Baltasar Fernandez, Francisco Javier

Curso práctico de xestión orzamentaria

Barba Pan, Elena

Contratación e licitación electrónica

Barcia Casanova, Juan Roberto

A inactividade da Administración e as súas consecuencias nos diferentes ámbitos da actuación administrativa.

Barciela Garrido, Santiago

Lingua inglesa B1.I

Barreiro Abal, Pedro

Perfeccionamento de xefatura de negociado

Perfeccionamento de xefatura de sección

Certificado dixital

Barreiro Rivas, José Luis

Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración autonómica de Galicia

Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración local de Galicia

Curso Monográfico sobre retos e perspectivas do emprego público nun contexto de crise

Barreiro Rodríguez, Ana María

Medio de linguaxe administrativa Galega

Barrios Estoa, Marta

O coidado do alumnado con inadaptación escolar por trastornos de conduta

Barros González, Manuel Angel

Actualización normativa en materia de consumo : Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias

Barros Leboreiro, Jaime

Perfeccionamento de xefatura de sección

Informática básica

Barros Torres, Antón

O novo período de desenvolvemento rural 2014-2020

Barroso Rodriguez, M^a Isabel

Curso práctico de xestión orzamentaria

Basanta Pardo, Francisco Jose

III Curso de Rehabilitación e Revitalización urbana en Galicia: da conservación dos cascos históricos ás áreas de rehabilitación integral nos barrios

Basanta Pardo, Francisco Jose

III Curso de Rehabilitación e Revitalización urbana en Galicia: da conservación dos cascos históricos ás áreas de rehabilitación integral nos barrios

Bastos Boubeta, Miguel Anxo

Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración autonómica de Galicia

Curso para a obtención do diploma de directiva ou directivo no ámbito da Administración local de Galicia

Bello Brea, Estela María

